



O FARELO

Nº9

Setembro de 2017

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Castro
Caldelas
celebra Os
Remedios



Páxina II

A Xunta
inviste na
Catedral de
Ourense 1,9M



Páxina XI

Teatro,
monicreques
e danza no
Auditorio de
Galicia



Páxina XV

Mostra sobre
Fernando Rey
no Quiosko
Alfonso da
Coruña



Páxina XVI

Feira
Tradicional
dos Remedios
en Ponteareas



Páxina XXII



J. Portojo-201

Porto e as suas livrarias

Artigo de José Paz, Profesor Aposentado da
Universidade de Vigo e Académico da AGLP.

Páxina VII

Entrevista



Bernardo Penabade, profesor no IES Perdouro
de Burela, do Proxecto NEO

Páxina XX

Bica Amantecada
*
Viños da Ribeira Sacra.
Valdeorras, Albariños, Godello
*
Mel Marrón Glacé
*
Vianos
*
Productos do Bierzo

Tenda Café-Bar
Adega do
GRILLO
sabor a ribeira sacra
PRAZA DO PRADO 1
T. 988 20 30 34
CASTRO CALDELAS



Miscelanea

Castro Caldelas celebra Os Remedios do 6 ao 9 de setembro



*Festas dos Remedios
de
Castro Caldelas 6.7.8.9. de
Setembro do 2017*

Castro Caldelas celebrará do 6 ao 9 de setembro as Festas dos Remedios, pero xa o 30 de agosto será o Folión Pequeno coincidindo co inicio da novena na honra da patrona Virxe dos Remedios. Ao mediodía repenicarán as campás e estouparán as bombas de palenque. Ao solpor actuará o Coro Lembranza e de seguido será o folián animado polo grupo de gaitas Os Trabazos.

O 6 de setembro a partir das cero horas a mocidade colocará polas rúas e prazas as bandeiriñas de cores que adornarán durante as festas. Os gaiteiros Airiños de Caldelas e o grupo musical Sorchá animarán a celebración que rematará coa degustación de empanada con viño da Ribeira Sacra e bica manteigada con licor café.

O día 7 haberá pasarrúas e concerto a cargo da Banda

de Música Ramirás, banda de gaitas Os Trabazos e Airiños de Caldelas. Ofrenda musical á Virxe dos Remedios no santuario e comezo das festas. Tarde e noite, festa e verbena coa orquestra Principal. As dúas da madrugada gran sesión de fogos de artificio.

Ao día seguinte pola mañá, pasarrúas e concerto a cargo da Banda de Vilanova dos Infantes e banda de gaitas Os Trabazos. As 12:30 misa solemne seguida da procesión. Logo festa e verbena coa orquestra Garibaldi. O día 9, pasarrúas e concerto de Airiños de Caldelas. As 12:30 procesión e misa solemne. O programa do último día completárase con baile de disfraces, festa e verbena coa orquestra Galilea e actuación de "Los Mecánicos" que ofrecerán música dos anos 60 e 70.



Os Trabazos.



Grupo de gaitas Airiños de Caldelas.

Entregáronse os premios Alecrín



O acto celebrouse no patio de armas do castelo de Castro Caldelas.

A Federación de entidades culturais galegas de Cataluña (FEGALCAT) celebrou en Castro Caldelas a súa reunión anual e entregou os premios Alecrín. O Alecrín á memoria musical foi para a Banda de gaitas da localidade Os Trabazos; o de promoción cultural outorgóuselle a Olegario Sotelo Branco; o de institución cultural foi para o Museo do Pobo Galego; o de arte para Xosé Vizoso Fernández; o empresarial para Adegas Valcar; o de traxectoria polo seu traballo en comunicación recaeu en José Manuel Parada por "Cinema de Barrio"; o de crítica e investigación literaria para Armando de Requeixo, o de de-

porte para A Galaica, do Centro Galego; o de música para Guadi Galego, o de etnografía para Manola e Agapito Vila, e o de corresponsalía xornalística para Miguel Ángel García.

O acto contou coas actuacións de Os Trabazos, Guadi Galego e María do Ceo. Ademais, houbo unha recreación medieval no castelo e sesión de cetrería. Unha gran comida popular puxo final ao encontro. Presentou o acto o allaricense Xosé Manuel Piñeiro. Asistiron o presidente do Parlamento Galego, Miguel Ángel Santalices, a senadora Carmen Leyte e a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega Núñez.

Folclore en Castro Caldelas



O grupo ruso Folk Dance Ensemble Stanitsa.

Desde 1984, cada mes de agosto, a provincia de Ourense recibe a visita de músicos e bailaríns de todo o mundo que participan nun proxecto de música e danza chamado Xornadas de Folclore. As vilas máis representativas son o escenario no que cada verán danse cita espectadores e artistas, embaixadores do folclore dos seus respectivos países.

Durante dez días, as máis de catrocentas persoas que se reúnen en cada edición do festival, intercambian a música e o baile tradicional cos aplausos, hospitalidade, agarimo e agradecemento dos cidadáns, á vez que gozan de paisaxes e monumentos da provincia, así

como da súa gastronomía. A expectación coa que o público agarda a chegada das Xornadas de Folclore é a mellor garantía de continuidade para este festival que xa recibiu a máis de dez mil artistas procedentes de máis de cen países dos cinco continentes e aos que anualmente asisten, gratuitamente, unha media de vinte e cinco mil persoas.

Na Praza do Prado de Castro Caldelas, desde as dez e media da noite, actuaron os grupos folclóricos "Folk Dance Ensemble Stanitsa", de Krasnodar (Rusia); "African Tumbas", de Nairobi (Kenia) e o "Ballet Folclórico Municipal de Rancagua", de Rancagua (Chile).



Café Bar



CASTRO

Tif. 988 203 031
Padre Feijoó, 1 . Castro Caldelas . 32760 Ourense



MAPFRE

Agencia de Seguros Exclusiva de MAPFRE FAMILIAR, S.A.
Otero Armesto, S.L. Delegado. Jose e Charo
Nº Registro D.G.S. y F.P. C0763B32361370

(+34) 988 39 19 39 | (+34) 606 38 11 78 | armestr@mafpre.com

OIL PINTUCO

Recollida de aceites.
Graxas vexetais.



Correo: oilpintuco@gmail.com
Ourense

680 956 669
675 860 424



Aluminios Durán

f aluminios duran

C/ Cuatro Caminos, 19 Castro Caldelas (Ourense)
Tif. 988 20 30 92 aluminiosduran@hotmail.com

Galicia

Redacción OURENSE

Festival Ponte Louco

Os asistentes ao festival Ponte Louco, en Castro Caldelas, o 19 de agosto disfrutaron da feira de artesanía, gincana, III Mostra de Cantos de Taberna e pasarrúas. Pola oite houbo concertos no castelo ofrecidos por: Tres Trastes e un Timbal, Millo, Brinkadelia e Picadiscos la Sincereza con entrada de balde. Unha zona de acampada facilitou a permanencia dos visitantes. Este festival celébrase desde o ano 2001.



Actuación na Praza do Prado.

María do Ceo no castelo

María do Ceo ofreceu un concerto no castelo de Castro Caldelas. “Que gran concerto en Castro Caldelas. Un público moi bo, agarimoso e moi participativo. Que boa organización por parte do Concello. Moitas grazas en especial á alcaldesa Sara Inés Vega Núñez; a Manoel Carrete, Lorinda Fernández Faria, Celso Novoa, Pepita Alves, Marisol Pérez Estévez, Mar Fernández, Nando e Candela, Raúl Salgado e Patri, Alejandra Conde e moitos máis,” manifestou a cantante logo da actuación.



Sara Inés Vega con María do Ceo antes do concerto.

Volta ao Medievo

O programa Castro Caldelas Medieval desenvolveuse os sábados e domingos do mes de agosto con desfiles, animacións, demostracións de



Espectáculo medieval no castelo.

espadas, exhibicións de cetrería e postos de artesanía. Houbo una cea medieval dentro do castelo con espectáculo e función de remate. O menú consistiu en empanada, croquetas, entremeses variados e churrasco con patacas. De sobremesa tarta de mazá e bica. Os nenos disfrutaron dun menú infantil. O primeiro día houbera desfile inaugural e animación polas rúas do casco histórico, así como espectáculo de queimada con acción de fogo e axustizamento popular. O último domingo do mes tamén houbo desfile final.

Para nenos

O Concello de Castro Caldelas

organizou unha programación de verán para nenos de 3 al 12 anos a partir do 17 de xullo como a Escola de verán polas mañás no multiusos de Os Pilos (xogos didácticos e de lecer, interpretación, saídas, música e teatro). Tamén houbo obradoiros na Aula Cemit polas tardes e actividades vespertinas na Biblioteca do castelo como contacontos e animación á lectura, xadrez, xogos de mesa e obradoiros de bandeiriñas. A estas actividades uníronse as colchonetas hinchables na área recreativa de Ponte das Táboas e toda a animación e actuacións previstas para as fins de semana.

A DESPENSA DO FUENTEFRÍA
Afumados · Ensaladas
Croquetas de bacallau
 Rúa Viriato, 7. Casco Vello - OURENSE

CALEFACCIONES LINO PEÑA
 PRODUCCIÓN DE AGUA CALIENTE
 AIRE ACONDICIONADO
 REFORMAS COMERCIALES
 OURENSE: Av. Buenos Aires, 246
 988 232 959
 988 223 118
 609 888 918

ESTÉVEZ CARBALLO		
 ELECTRODOMÉSTICOS TV - HIFI - INFORMÁTICA TELEFONÍA - TV DIGITAL TODAS LAS MARCAS. Exposición y oficinas: Avda. de Ourense, 77 - Bajos 32769 Castro Caldelas	 PAVIMENTO - AZULEJOS MUEBLES COMPLEMENTOS - BAÑO HIDROMASAJE - GRIFERÍAS SANEAMIENTOS - MAMPARAS MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN EN GENERAL Contacto: Teléfonos: 988 203 530 / 988 203 037 E-mail: estevezcarballo@gmail.com	 INSTALACIONES DE GAS, CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y ELECTRICIDAD. Almacén: Lg. A Rasa 32760 Castro Caldelas

Por Rafael José Adalid Rodríguez

Riquezas e Tesouros da mitoloxía galega

Moitos de nós, durante a infancia e dentro do noso maxín, soñabamos con atopar tesouros, ouro ou outros elementos de certo valor. Ás veces, alentados polas faladurías dos nosos maiores, outros pola retención acaecida de forma visual con debuxos e películas, lecturas de contos e achados históricos, ou dende a propia imaxinación que se recreaba nos xogos.

Atopamos que no solpor da tradición oral, existen narracións nas que a crenza sobre tesouros agochados estaban presentes en moitos contos, mitos e lendas, que chegaron a estar interiorizados e con certa certeza na súa veracidade por parte de algunhas persoas.

A convicción sobre o patrimonio dos tesouros agochados, non se debe asociar unicamente a embarcacións afundidas que transportaban certas riquezas, tampouco ó monetario, pois existen outros elementos de gran valor histórico e patrimonial, que incluso nos poden explicar as orixes ou certos costumes de sociedades anteriores.

Fóra dos barcos afundidos, tesouros ocultos en praias, misteriosas illas, dos



há bitats das sereas e, en si, de todo o que toca o misterioso Océano Atlántico que baña a nosa costa; atopámonos con outras manifestacións acuíferas coma fontes, lagos, pozas, ríos... ou en ámbito terrestre como en castros, covas, penedos... Nelas hai a convicción de que habitaban personaxes sobrenaturais asociados ó misticismo e á riqueza que salvagardaban

grandes tesouros agochados, onde tamén existía algún outro sen protección, que simplemente esperou e espera a ser achado por algunha persoa.

Entre os seres mitolóxicos galegos que posúen riquezas temos ós Mouros, personaxes ós que se lles achacan a creación deses castros, penedos, etc. Se ben aparecen como seres antropófagos, na nosa tradición oral cóntase tamén certa relación dialéctica coas persoas, na que o mouro ofrece e propón ouro ou outras riquezas a cambio de favores. Este aspecto é persistente nas Mouras que tamén ofrecen este troco, mais de vez, ó non cumprir o trato a prosperidade que a persoa puidese ter a raíz dese favor converteríase en todo contrario.

Se ben é certo que nalgunhas construcións citadas con anterioridade onde puideron vivir eses Mouros se atoparon elementos de valor, a realidade difire deste mundo imaxinario, debéndose exclusivamente a presenza destes materiais á existencia doutras civilizacións anteriores nesta localización. Así, é veraz pois que existiron descubrimentos de obxectos de sociedades pasadas, mais tamén xente que

furaba a terra perdendo o tempo, soñando quizais con escapar da pobreza e dos traballos forzados cara unha nova vida chea de ouro e riqueza. Din que a avaricia rompe o saco e é que a nivel mundial moitos buscadores de tesouros non atoparon máis que a ruína e a miseria facendo caso desa tradición oral.

Existen os grimorios, libros “máxicos” que son moi comúns entre varios pobos. En Galicia e Portugal destaca o Ciprianillo ou o Libro de San Ciprián, empregado como medio para conseguir o imposible, atopar tesouros agochados e con fórmulas milagreiras que a xente podería empregar. Mais de existir, o seu uso podería deparar seguramente aspectos negativos por alterar simplemente o devir. Respecto a este libro, hai xente que aínda hoxe afirma telo na casa pero, iso si, nunca o mostrou.

Débese ter en conta que a tradición oral, entre outras funcións adquiría a acción de pasatempo. A única veracidade existente é o palpable, como os obxectos materiais e vestixios que nos poden indicar certos asentamentos e existencias de vidas pasadas.



Por Manso Preto

O mundo animal

Os animais viven en luta constante, uns contra os outros. Por iso, a natureza deu a todos eles medios com os quais se defendem. Há animais que se defendem com os chifres (touro e veado, entre outros); os dentes (a onça, o cão); as patas traseiras (o cavalo, o burro); a cauda (crocodilo); a tromba (elefante); a cor com que mudam (camaleão)...

Certos animais entendem-se por meio de uivos e guinchos; o homem, por meio da linguagem articulada, isto é, por meio da palavra. O homem é o único elemento da natureza que tem o dom da palavra.

Aproveito a oportunidade para oferecer a gregos e troianos, situacionistas, reaccionários e revolucionários, guardiões da ordem vigente e pilares da sociedade, essa modesta contribuição à análise de cada um.

De outras espécies estamos cheios: transbordam e passeiam-se como pavões pelas ruas, por alguns ambientes sociais em busca de maior visibilidade, pelas repartições olhando para os utentes e seus contribuintes de cima para baixo, caem do céu, sobem da terra. É uma invasão: como animais que se defendem com o mau cheiro que exalam, mas que a prudência e

educação me aconselham o silêncio. Mas usam e abusam dessa ‘arma’ eficaz que, pelos vistos, parece ser premiada neste país feito ‘Corte’ de arrivistas, dependentes, amedrontados ou inconsolados que esbracejam pela perdas de influência e mordomias de outrora. Atrevo-me a sugerir que os estrategas bélicos incluíssem esse importante meio de defesa/ataque entre as nobres armas que zelam pela Pátria.

Depois há, ainda, os animais que comunicam através de guinchos e uivos. Volta e meia recebo alguns telefonemas desses animais. Com ameaças, insultos, recados ou mensagens subliminares.

Mas também há homens que, mesmo discordando de mim, aceitam pontos de vista ou estilos diferentes. Porque só o homem tem o dom da palavra – repito.

E é através da palavra, é pronunciando-a clara e corajosamente, sem medo, que podemos a eles nos unir contra todos os animais que para sobreviverem exalam mau cheiro, mudam de feitio e cor, usam chifres e patas.

Animais que para sobreviverem precisam da força e da estéril tranquilidade que só a imbecilidade dá e sustém.

Tomado de *minhodigital.com*



TODOCONDADO

a guía dixital das comarcas de O Condado e A Paradanta

Galicia

Por Carlos Méixome

A máscara de ferro e a Torre do Príncipe

Luís XIV na súa corte de Versalles, aínda que se considerase brillante como o sol, o que realmente fixo foi elevar a estupidez protocolaria ao grao sumo.

Quizais como castigo á súa grandeza egocéntrica e á súa lonxevidade, difundíuse, inspirado dende círculos da nobreza e acollido con fervor entre os súbditos, o mito do Home da Máscara de Ferro, prisioneiro no cárcere da Bastilla. Díciase que o encarcerado era o irmán xemelgo do rei, uns minutos máis vello e ao que, por iso, lle correspondería o trono. O gran Luís sería un usurpador. Aínda máis, había quen afirmaba que o prisioneiro era o verdadeiro rei, xa que Luís XIV era un bastardo froito dos pecaminosos amores entre a raíña Ana María de Austria e Mazzarino. Como di Tabori na súa Historia Natural da Estúpidez (Book Builders, 2017): “No tempo de Luís XII, o adultério tornou-se, em França, um passatempo; no de Luís XIV passou a regra; e na época da Regência transformou-se mesmo em dever”.

A raíña, irmá do rei español Filipe IV, participara nun complot para asasinar o

verdade é que ben lle acaía algún conto ou lenda.

Sería pois aquel herdeiro destronado, bastardo ou non, o que se ocultaba, forzado, baixo a máscara de ferro para que ninguén puidese recoñecer no seu rostro as borbónicas faccións. Hoxe pensase, con non moita seguridade, que o preso era un conde italiano, embaixador do duque de Mantua, a quen o rei sol desprezando todas as regras mandara prender. Seica tamén a máscara non era de ferro, nin permanente, senón de seda e que lla poñían para estirar as pernas fóra da cela.

En calquera caso o relato da máscara de ferro é obra de Voltaire n’O século de Luís XIV e sobre todo de Alexandre Dumas (pai) n’O vizconde de Bragelonne (Le vicomte de Bragelonne) última parte da triloxía dos mosqueteiros.

Mais non precisamos ir á Francia do rei sol, de Versalles e da Bastilla. En Baiona temos un relato semellante, tamén perdido entre as brumas do tempo, na Torre do Príncipe. Por que Torre? Que príncipe?.

Seica alí estivo encerrado, co rostro cuberto por unha máscara de ferro, o herdeiro dunha dinastía. Nada sabemos, con certeza, do ilustre preso.

O elemento arquitectónico máis antigo da fortaleza do Monte do Boi de Baiona é, sen dúbida, o coñecido como Torre do Príncipe, situado na entrada do porto, mirando cara ao mar. As informacións máis recuadas no tempo sobre esta construción fornécenolas Herminio Ramos na súa Crónicas históricas de la villa de Bayona, publicación na que reproduce unha carta do rei Afonso XI, asinada en Mérida a 26 de decembro de 1375, na que concede á Vila de

Baiona un pedreiro para erguer unha torre no lugar que lle chaman de Monte do Boi, por onde entrou a frota do rei de Portugal, e evitar deste xeito que a vila quede erma e despoboada e a rouben ou queimen.

No comezo tivo pois unha función defensiva, aínda que a cotío era máis empregada como atalaia ou torre de vixía. Tanto

para escudriñar no amplo mar a chegada de hipotéticos navíos inimigos (nalgúns tempos esta función tivo unha importancia salientábel) como, sobre todo, para guiar os barcos na súa entrada na enseada de Baiona. Tanto para un como para outro labor queimábanse toxos, facendo un facho que servía de sinal xunto cos de Cabo Silleiro e Monteferro. Os navegantes




orientábanse e podían eludir os perigosos baixos da entrada do porto baionés.

Pouco debe quedar da primitiva traza ordenada por Afonso XI. Sabemos que en 1563 se realizaron obras na Torre, mudanzas de seguro substanciais xa que son os anos nos que a fortaleza se consolida como estrutura militar e defensiva. Non remataron daquela, nin moito menos, as alteracións na Torre, xa que cando o Marqués do Pazo da Mercé mercou a fortaleza, en 1875, mandouna reconstruír pois seica estaba medio derruída. Esta última intervención, a que hoxe podemos contemplar, transformou substancialmente a fasquía primitiva. É evidente que a fábrica máis antiga é a base circular, o resto foi engadido nas dúas reformas que citamos.

Non é máis que unha lenda perdida no tempo, sen datos concretos e estendida por outros moitos lugares.

Ademais da amentada elaboración literaria de Dumas houbo outras. Xa que isto

foi o que fixo José M^a Castroviejo en colaboración con Alvaro Cunqueiro na súa Galicia: Guía espiritual



de una tierra, publicada en Madrid en 1960. Neste libro Castroviejo, levado pola súa erudición e desbordante imaxinación, identifica o príncipe oculto tras a máscara de ferro e as portas da Torre de Monte do Boi cun “príncipe austríaco”. Castroviejo detense aí. Agora ben, hai quen, como Carmen Debén, autora dunha guía do Parador de Baiona, chega a afirmar que o príncipe non era outro que don Carlos, primoxénito de Filipe II.

Aquel estraño príncipe, quen tanto desgustos lle causou ao seu “augusto” e din que “prudente” pai, era fillo de dona María Manuel, a filla de Xoán III de Portugal, quen morrería aos catro días do parto. Carlos chegaría a ser recoñecido como herdeiro polas Cortes de Castela, reunidas en Toledo en 1560. De conduta escandalosa, non moi cordo aínda que ambicioso dabondo, chegou a proclamarse Rei dos Países Baixos e de Sicilia, mesmo a pretender matrimonio coa raíña María Estuardo e a cruzarse no camiño do sentimento real ao contemplar á terceira esposa de Filipe II, Isabel de Valois, máis coma unha amante que coma unha madrastra. A cousa foi que o díscolo, apaixonado e escaso de luces don Carlos faleceu sobre 1565 en circunstancias aínda hoxe escuras, logo de que o seu pai o mandase recluír.

Vincular a don Carlos co príncipe da máscara de ferro da Torre do Príncipe de Monte do Boi non é máis que unha fermosa elaboración dunha imaxinación culta que xa chegou aos papeis, que terman do que lle poñen. Non esquezamos que na traxedia ambiciosa e atolada deste príncipe baséase gran parte da “lenda negra” dos Austrias e nela inspirouse Schiller para compoñer ese gran drama sobre a amizade, as ideas políticas e as decisións históricas que titulou Don Carlos. Anos máis tarde o gran Verdi retomaríase o tema para a célebre ópera do mesmo título.

Martes, 15, e mércores, 16, de agosto de 2017



seu home, Luís XIII, así como en labores de espionaxe a prol da monarquía hispana, a familia sempre é a familia, coa que estaban en guerra. Chegouse a falar de repudio e de divorcio. Mais Luís XIII foi amansando as augas premido pola súa debilidade internacional. Tras 23 anos agardando, Dieu donné ao soleado Luís. A

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).
Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Porto e as suas livrarias

Por José PAZ

(Prof. Aposentado da Universidade de Vigo e Académico da AGLP)

Sempre que posso faço uma escapada a essa maravilhosa cidade portuguesa que é Porto. Embora, nos últimos tempos, a causa do elevadíssimo aumento do turismo, já não é tão atrativa. Acostumo morar



na cidade portuense por períodos de três dias. Como aprício tanto os livros, ir a esta cidade para mim é um verdadeiro prazer. Poucas cidades há que tenham tantas e tão variadas livrarias. Tanto de livro antigo como de publicações atuais. Ademais, ali todos os cidadãos falam “galego” e a cidade oferece outras maravilhas para admirar. Os seus museus, a Ribeira ao lado do rio Douro, a Sé Catedral, o Palácio da Bolsa, a estação de São Bento do caminho de ferro, o café Majestic, o elétrico, o Grande Hotel, a Foz, as inúmeras adegas do mundialmente famoso vinho, os centros comerciais, o Palácio de Cristal e os seus jardins e vistas e, muito perto, a Praça da Galiza com uma linda estátua dedicada à nossa Rosália de Castro, a Universidade, os Clérigos, o Coliseu, a Casa da Música, o mercado Ferreira Borges, a Alfândega, as pontes, o novo metro, o novo aeroporto, Serralves, o Largo da Câmara ou Rua dos Aliados, os estádios de futebol, o centro Anilupa de imagem animada, que dirige o meu amigo Fernando Saraiva, os passeios de barco pelo rio, Vilanova de Gaia, as praias e o Castelo da Foz, as comidas do Girassol e outros restaurantes... Enfim, extraordinário programa cultural anual desta cidade que é a maior do noroeste peninsular. E que fica a duas horas e um quarto de

Ourense de carro por autoestrada. Infelizmente, pela falta de inteligência dos políticos, não existe um bom comboio para nos achegarmos mais amiúde a esta urbe tão formosa, a partir da Galiza. Tema de todo incompreensível por onde quer que se considere.

Enquanto fui professor na Faculdade de Educação de Ourense (agora estou reformado), levava os meus estudantes de educação infantil e social ao Porto para visitarem a Associação de Ludotecas e o Centro de Imagem Animada Anilupa, dependente da mesma, e aproveitava para lhes mostrar, entre outras cousas da cidade, a maravilhosa livraria Lello, situada perto da antiga Universidade, na rua das Carmelitas. É tão formosa, que deveria ser declarada Património da Humanidade. Esta livraria procede da criada pelo francês Ernesto Chardon em 1869. Em 13 de janeiro de 1906 foi inaugurada com o nome de Livraria Lello & Irmão no lugar que ainda ocupa hoje. Tem pois um pouco mais de 106 anos de existência. Com uma magnífica fachada neogótica, o arquiteto

foi Xavier Esteves. O pintor José Bielman desenhou, ao lado das janelas, duas figuras que simbolizam a Arte e a Ciência. No vitral do teto aparece a divisa “Decus in Labore” e o ex-líbris do livreiro e editor. O arquiteto Vasco Moais Soares em finais de 1994 levou a cabo o restauro da livraria, verdadeira “Catedral” do livro. E fê-lo escrupulosamente, respeitando integralmente a obra original. Como tinha que ser. Lugar de destaque deste formoso lar do livro merecem, além da fachada, a extraordinária escadaria artesanal de madeira talhada, as estantes também de madeira e as montras, os vitrais, a organização do espaço livreiro por temas, a cafetaria onde se pode ler e consumir um chá ou

um café do Brasil ou Angola, a iluminação natural e artificial e o espaço dedicado aos livros antigos, aos livros de arte e aos dicionários (onde, diga-se de passagem, vimos esse esplêndido dicionário da língua galega da autoria do meu grande amigo Estraviz). Esta livraria é tão linda que sempre está cheia de visitantes e turistas, especialmente europeus.

A livraria mais antiga de Porto, porém, é a Latina, situada no começo da rua comercial de Santa Catarina. No Porto há também muitas e interessantes livrarias de livro antigo, entre as que destaca a Chaminé da Mota na rua das Flores, uma das mais importantes da Europa, pelo seu fundo de livros e edições antigas. É outro verdadeiro museu do livro que também merece ser visitada. Outras livrarias em que se podem encontrar verdadeiras joias de antigas publicações são a Académica, dirigida pelo meu amigo transmontano Nuno Canavez, a Moreira da Silva e a do alfarrabista João Soares também na rua das Flores. Infelizmente, há poucos dias fechou definitivamente a Sousa & Almeida, que tinha um muito interessante fundo de livros antigos publicados na Galiza. De livro moderno, a mais interessante é a Livraria Leitura na rua de Ceuta, outrora dirigida por esse grande livreiro portuense que foi Fernando Fernandes. Também a Livraria Poetria, que apresenta as últimas novidades de livros editados em Portugal. Mas, se meus leitores viajarem ao Porto, o meu conselho de amigo é que não deixem de visitar uma das livrarias mais lindas de toda Europa, a Lello. Aproveitando para visitar também a Chaminé da Mota, a poucos metros da Ribeira do Douro, na cidade velha. E na primeira quinzena deste mês de setembro não se deve deixar de visitar a Feira do Livro do Porto, que volta a celebrar-se no incomparável marco dos jardins do Palácio de Cristal. Em concreto, nas datas de 1 a 17 de setembro do presente ano.



Fotografia da esquerda e superiores son da fachada e interior da Livraria Lello e as inferiores da fachada e interior da Livraria Chaminé de Mota, ambas em Porto



Galicia

Redacción LUGO

O priorato do convento de San Salvador de Asma, en Chantada, está á venda

O priorato do convento de San Salvador de Asma, en Chantada, está á venda. Os seus propietarios adquirírono hai 18 anos, despois de que o convento pasase por moitas mans privadas logo da desamortización de Mendizábal, en 1836, pola que se expropiaron terras e bens á igrexa. Os donos (unha familia da parroquia de Río, municipio pontevedrés de Rodeiro) puxeron á venda en Facebook o cenobio benedictino que está pechado ao público e en lamentable estado de conservación. No anuncio os propietarios din que están dispostos a escoitar ofertas de “xente seria” e piden que se abs-

teñan os curiosos, pero nada din do prezo de venda. Ata a data ningunha iniciativa por parte dos gobernos locais conseguiu recuperar a propiedade, nin tampouco respondeu a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

O actual equipo de Goberno que preside o independente Manuel Varela decidiu dar un paso á fronte e saír ao rescate do conxunto histórico, aínda que todo depende do prezo. “Falaremos cos propietarios e se podemos afrontar a compra, farémolo, se non, haberá que pedir axuda e financiamento a outras institucións”. O grupo Por Chantada presentou unha moción nun pleno munic-

pal na que pide que o Concello dea os pasos necesarios para adquirir e restaurar ao antigo convento de San Salvador de Asma e propón que a Xunta e o Goberno central acheguen os fondos necesarios. Propón este grupo que a Valedora do Pobo medie entre as institucións para acelerar todo o posible a adquisición do priorato. Ademais, que se converta nun albergue de peregrinos do Camiño de Santiago da chamada Ruta de Inverno, unha variante meridional que une Ponferrada coa capital galega polo val do Sil e que discorre pola contorna do convento. Outra proposta é convertelo en museo etnográfico, mesmo nunha biblioteca. Xa en 2015, e co apoio de todos os grupos políticos, o Concello de Chantada pediu á Consellería de Cultura que declarase o conxunto histórico como ben de interese cultural (BIC) por iniciativa do sacerdote e historiador lucense, Xosé Méndez Pérez. O historiador xa alertou entón do ruinoso estado do edificio a pesar do seu gran valor histórico. Aínda que o antigo convento foi obxecto de reconstrucións e reformas en épocas pasadas, o informe deste experto conclúe que o convento mantén a mesma estrutura que tiña cando o abandonaron os monxes benedictinos, hai case



A maleza tapa o antigo priorato do convento, que está á venda.



Igrexa parroquial de San Salvador de Asma.

dous séculos.

Século X

O edificio conserva estilos de diferentes tanto románico como outros elementos arquitectónicos dos séculos XV, XVII e XVIII. Crese que foi fundado no século X polos monxes benedictinos, sobre as ruínas dun castelo que defendía aquelas terras dos invasores normandos. Os monarcas da Baixa Idade Media protexeron e ampararon coas súas doazóns e ordenanzas os bens do cenobio. O edificio monacal consta de dúas plantas, alta e baixa, amplo, cun único claustro de planta cadrada e chafranada nos ángulos e que sostén un segundo andar que ten pilares en dous dos seus costados. A iste curioso claustro, do século XVII, accédese por dúas portas que manteñen elementos

de influencia medieval coma impostas, capiteis, arquivoltas e tímpano. Unha solaina apoiada sobor das columnas de factura similar ás do claustro avanza polo frontal oriental. A entrada é a propia dun pazo e os muros se componen de pedra de mamposto menudo.

Igrexa

O mosteiro forma parte da igrexa parroquial de San Salvador de Asma, que data da segunda metade do século XII. Conserva partes románicas e presenta outras mozárabes posteriores. A dirección xeral de Patrimonio, da Consellería de Cultura, contratou hai unha década a restauración da cuberta da igrexa á empresa Resconsa sendo a arquitecta Marta Rodríguez Fernández e aparelladora Rosa Suárez González.

A Xunta mellora o Santuario das Ermidas no Bolo

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou a recuperación do Santuario da Nosa Señora das Ermidas como exemplo da aposta do Goberno galego por potenciar a riqueza natural e cultural da comunidade. Durante unha visita ao santuario, situado no Concello do Bolo, Feijóo precisou que recuperar, poñer en valor e difundir a riqueza de lugares como este é un dos elementos clave para que Galicia siga avanzando cara a un destino turístico tranquilo e “que apaixone”, que ten como principais activos o patrimonio

natural, histórico e cultural.

Feijóo lembrou que despois de ser declarado Ben de Interese Cultural, en 2012 comezouse a desenvolver o Plan Director de Nosa Señora das Ermidas. Un proxecto no que se investiu case 1,4 millóns de euros para devolverlle ao santuario a súa beleza orixinal reconstruíndose o muro, mellorándose os pavimentos e as instalacións básicas, embelecéndose as fachadas do trazado do Vía Crucis -un dos mellor conservados de Europa- e recuperándose as imaxes relixiosas.

Nesta liña, o presidente da Xunta afirmou que esta posta en valor completárase con outras actuacións, entre as que destacou: a mellora das condicións de conservación do seu patrimonio documental, a reparación da cuberta da igrexa, a revisión dos sistemas eléctricos e medidas para garantir a estabilidade da estrutura.

“Con todas estas actuacións aseguramos que o santuario da Nosa Señora das Ermidas gañe forza como o principal imán turístico da comarca”, aseverou, subliñando que, ademais destas obras de recuperación e me-



O presidente da Xunta visitou o santuario das Ermidas situado no Bolo.

llora, o Concello do Bolo está na axenda da Xunta coa pavimentación da rúa central do Concello e a mellora da praza

pública; e “temos que buscar xunto coa Deputación como rehabilitar os tres muíños das Ermidas”, concluíu.

Mondoñedo conta cun novo establecemento turístico nun edificio do século XVII

Inaugurouse no casco histórico de Mondoñedo un novo establecemento turístico que amplía a oferta dispoñible neste concello lugués polo que discorre o Camiño do Norte. Despois dun proceso de rehabilitación, os turistas poderán aloxarse nas cinco vivendas de uso turístico que se localizan no edificio Casa Pedrosa, unha construción do século XVII que ve recuperada algunhas das súas características máis singulares, como a súa escaleira. Estas novas vivendas de uso turístico a disposición dos viaxeiros en Mondoñedo súmanse as máis de 500 que xa presentaron a súa solicitude no rexistro na provincia Lugo, no marco do novo decreto que está a supoñer unha oportunidade para o sector, pois ofrece un marco de seguridade xurídica tanto para os propietarios como para os



A directora de Turismo e a alcaldesa asistiron á inauguración.

viaxeiros interesados. No conxunto da Comunidade galega, o número de solicitudes xa supera as 4.000.

Situado no Camiño do Norte, cómpre subliñar o número crecente de peregrinos que elixen esta ruta xacobeá, nas que Tu-

rismo de Galicia está a desenvolver diferentes melloras ao abeiro do Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago. En concreto, a día de hoxe preto de 10.000 camiñantes o elixiron desde inicios do ano, o que supón case o 6% do total.

Exposición sobre numismática

A mostra “Percorridos pola colección numismática. Moeda das Idades Moderna e Contemporánea” amosouse no Museo provincial durante o mes de agosto. Mediante este proxecto quérese facer un percorrido pola colección numismática do Museo da capital luguesa dividíndoa en dous grandes bloques: moeda hispánica e moeda estranxeira. O

monetario do Museo de Lugo supera as 8.000 pezas, sen contar as 459 medallas. E dado que na exposición permanente só se amosa unha pequena parte, con estas exposicións temporais a base de textos explicativos, gráficos, debuxos e fotografías pretendeuse achegar esta colección ao público, así como contribuír ao coñecemento da ciencia numismática.



A exposición consta de 11 lonas máis o póster de presentación.

Rosca, viño e forxa en Sober



Demostración de traballos na forxa.

A Feira da Rosca de Sober, na súa XXII edición, volveu a ser un éxito rotundo. Segundo o alcalde, Luís Fernández Guitián, “as preto de dúas mil racións da rosca que repartimos de balde esgotáronse nos primeiros cinco minutos. Veu moita xente a degustar a nosa sobremesa típica”. Os catro rosqueiros que ofreceron os seus produtos

venderon toda a mercadería que levaron á celebración local fixeron un balance moi positivo. Mar, Mari Carmen, Teresa e Moncho calculan que despacharon máis de dúas mil roscas en toda a mañá. Pola súa banda, os tres produtores de mel que este ano participaron nas festas manifestaron tamén a súa satisfacción. “Cada ano hai máis mel e véndese moi

ben”, manifestou o alcalde. A climatoloxía agradable e a actuación musical da banda de folk de Ribas de Sil acompañaron esta edición. Houbo unha demostración de forxa en directo e diferentes actividades e xogos tradicionais para os máis pequenos. O Túnel do Viño, que se celebrou por primeira vez, acadou unha gran resposta por parte do público.

Filandón de músicas do Folgoso

Celebrouse en Folgoso una nova edición do Filandón de músicas do Courel, que organiza Xosé Lois Foxo, que leva vinte anos contribuíndo a valorar o patrimonio lírico e musical e, en xeral, de toda a cultura popular da zona. O vicepresidente da Xunta dixo que recuperar e difundir a riqueza de lugares como este é un dos elementos clave para di-

namizar a economía e contribuír á fixación de poboación no rural. Sinalou que, tal e como recolle a Estratexia de turismo de Galicia, a Xunta quere avanzar cara un destino turístico tranquilo e que apaixone, e que ten como principais atractivos o patrimonio natural, histórico e cultural, sendo o Courel un dos grandes activos de Galicia neste eido.



Conde e Foxo no Filandón.

Galicia

Redacción LUGO

Presentada a publicación do VIII Congreso Galego de Cruceiros

Presentouse no Museo provincial de Lugo o libro de actas do VIII Congreso Galego de Cruceiros que se celebrara en novembro no Museo Fortaleza de San Paio de Narla, organizado pola Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas. O presidente do colectivo, Fernando Arribas Arias, recordou que ao congreso asistiran máis de 30 expertos de toda a xeografía galega e tamén chegados de Portugal.

O libro de actas do VIII Congreso Galego de Cruceiros estará dispoñible en librarías de toda Galicia a un prezo de 5 euros para os socios da Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas, e 10 euros para o público en xeral. As edicións anteriores do Con-



Asistentes á presentación do libro de actas.

greso Galego de Cruceiros celebráronse en Poio, Pontearreas, Santiago de Compostela, O Porriño, Monforte de Lemos e Ourense. Xustifícase a creación da asociación e o estudo dos cruceiros polos singulares valores materiais e inmateriais destes

monumentos da arte popular galega, que adoitan estar ligados, dende a Idade Media, aos vellos camiños de peregrinación. Na actualidade, Galicia conta con máis de 8.000 cruceiros, considerados Bens de Interese Cultural (BIC).

“A Foliada”, de Xoán Vila

A exposición “A Foliada” do artista lucense Xoán Vila, estará aberta ata o 17 de setembro na Capela de Santa María. “Co meu traballo pretendo darlle unha segunda vida á madeira, pulíndoa, dialogando con ela, para poder atrapar o seu espírito. A miña inspiración é a cultura popular galega; a literatura, a arte, a lingua, as romarías, as festas e como non as foliadas, todos eses conceptos son un referente en toda a miña obra”, dixo a artista.

A inauguración contou cunha banda sonora especial, xa que escoitáronse as gravacións reali-



Inauguración da exposición na Capela de Santa María.

zadas por Marcos Fernández Puente sobre as festas e foliadas de Galicia do ano 1974. Esta colección pertence ao catálogo de gravacións históricas que posúe a Deputación.

Folión dos Carros en Chantada

Chantada celebrou a finais de agosto as festas patronais e non faltou o tradicional Folión dos Carros coa actuación anterior da Banda de Gaitas de Chantada e o pregón posterior a cargo de Félix Pérez Román. O pregoeiro, mestre de Educación Física xubilado, nado en Zaquín, Chantada, e residente dende fai moitos anos en Tenerife e gran embaixador de Chantada nas Illas Canarias. A continuación, a orquesta Atlanta actuou na Praza de Santa Ana.

Nestas festas tamén participaron os gaiteiros Os Barrios acompañados dos cabezudos, a Coral Polifónica de Chantada e a Banda de Música Ciudad de Ponferrada. Celebrouse no Sangoñedo o Trofeo Concello de Chantada entre a S.D. Chantada e o C.D. Lalín. Na Praza do Cantón tivo lugar o XXVI Certame de Bandas de Música coa Banda de Chantada, a Agrupación Mu-



O Folión dos Carros de Chantada ten gran sonda.

sical da Guarda e a Banda de Música Ciudad de Ponferrada. Tamén actuaron as orquestras Aché e Super Hollywood. Animaron as rúas os gaiteiros da Escola Tradicional de Música cos cabezudos. Houbo Festa Infantil no Campo da Feira Vello e os tradicionais Fogos Artificiais foron na Praza do Pavillón Municipal. Celebrouse a Festada Empanada no Campo do San Lucas cos gaiteiros Os Barrios, as charangas Os Ardores e Garrafón e cos Festicultores Cultivadores de Festas.

Actividades fluviaais en Chantada

Máis de 120 persoas participaron na Praia do Parque Sangoñedo de Chantada, das primeiras actividades fluviaais gratuítas que a Deputación leva ao interior da provincia. Esta actividade está incluída dentro do Plan Estratéxico de Turismo, cumprindo deste xeito cunha das súas liñas

de actuación, que é a posta en valor dos recursos e zonas fluviaais lucenses para promover o sector turístico. As actividades inclúen atraccións hinchables, tobogáns, balancíns, pulpos, rocódromos acuáticos, pistas de obstáculos, kaiaks, waterballs, animacións musicais e xogos populares.



A Festa da Malla de Meira cumpre 26 anos

Meira celebrou a XXVI edición da Festa da Malla o 20 de agosto na Praza da vila. Esta tradicional celebración foi declarada Festa de Interese Turístico Nacional de Galicia. A deputada de Cultura, Pilar García Porto, destacou que a festa “xa é un referente en toda a provincia, unha celebración coa que se pode coñecer unha das tradicións mais senlleiras de Galicia, como é a malla”. O alcalde, Antonio

de Dios, agradeceu a colaboración da Asociación Amigos da Malla de Meira, así como os veciños e comerciantes que traballan para celebrar esta nova edición. Actuou a Banda de Música e a Banda de gaitas de Meira, Nove Ferreñas, Trío Muralla, Os Valuros de Castro de Rei, Leña Verde, e houbo xogos para nenos. Durante a xornada tamén estivo aberta a exposición de artesanía e maquinaria antiga na Praza do Concello.



A festa celebrouse na Praza.

A Xunta inviste na Catedral de Ourense máis de 1,9 millóns de euros



Porta Norte da Catedral ourensana.

A directora xeral do Patrimonio Cultural, María Carmen Martínez Insua, visitou a Catedral de San Martiño de Ourense, comprobou o resultado dos traballos de restauración acometidos pola Consellería na Portada Norte da Catedral, que acaban de rematar. Así mesmo, explicou que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de adxudicar os traballos de reforma xeral do sistema eléctrico deste templo, unha intervención que supón un investimento de preto de 300.000 euros.

No que atinxe á restauración da Portada Norte, cun investimento de arredor de 115.000 euros, realizáronse intervencións sobre os paramentos pétreos, o rosetón e a propia porta de acceso ao cruceiro

por esa parte norte. No ámbito da portada e tímpano, as limpezaas tiveron como finalidade eliminar as sustancias que podan deteriorar o soporte, conservando as pátinas xeradas polo paso do tempo. No caso do rosetón, actuouse tanto sobre as pezas de labra de pedra granítica do mesmo, como sobre o acristalamento. Executáronse, asemade, traballos complementarios como a corrección de pendentes na pavimentación exterior. No referido á reforma do sistema eléctrico, as actuacións previstas céntranse en dotar de seguridade á instalación eléctrica da catedral, renovando a acometida, o cadro xeral e os cadros que estean en mal estado, así como o cableado deteriorado ou fóra de uso. Ademais, dotárase dunha iluminación axeitada e efi-

ciente á Capela Maior, de xeito que se potencien os seus valores artísticos a través de novas luminarias led orientables sobre guías dunha cor neutra.

Durante o seu percorrido pola catedral, a directora xeral estivo acompañada polo vicario xeral da Catedral, José Joaquín Borrajo Iglesias; polo alcalde da cidade, Jesús Vázquez; e pola secretaria territorial da Xunta en Ourense, Silvia Dorado.

Investimento

A directora xeral do Patrimonio Cultural lembrou que nos últimos anos a Consellería ten investido xa máis de 1,9 millóns de euros neste templo. Se contribuíu á restauración do órgano catedralicio, e que se realizaron obras de restauración das pinturas murais e retablo do muro sur do Nártex, do Pórtico do Paraíso, da pintura do muro norte do nártex, da Capela de San Xoán. Ademais, executáronse as obras da segunda fase de reparación das cubertas do templo. A consellería financiou as obras de acondicionamento do patio entre a nave e o edificio de cóengos e a restauración da decoración románica do templo, un dos elementos máis antigos deste templo, dun gran valor artístico e cultural, así como de indubidable para os visitantes. Así mesmo, no 2016 acometeuse a restauración do retablo da Asunción.

O mosteiro de Oseira será restaurado



O Diario Oficial de Galicia vén de publicar a licitación do contrato de obras para a conservación e posta en valor no conxunto monumental do mosteiro de Santa María a Real de Oseira, en San Cristovo de Cea, uns traballos cofinanciados polo Fondo Europeo de desenvolvemento Rexional (80 %), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. O importe de licitación das obras ascende a 791.945 euros.

O obxectivo da intervención é velar pola conservación deste senlleiro mosteiro, declarado Ben de Interese Cultural, e que constitúe ademais un importante atractivo cultural e turístico para a súa contorna. As actuacións previstas como prioritarias para acometer por fases inclúen obras de limpeza e me-

llora na cuberta, na carpintería, en diferentes portas do conxunto, nos parámetros e nas pinturas murais principalmente, así como a mellora das condicións ambientais dalgunhas partes do monumento. Así mesmo, substituírse a cuberta que conecta o claustro dos pináculos co dos medallóns, así como de toda a carpintería da fachada principal. Así mesmo, realizaranse traballos varios de limpeza, restauración de vexas, pintado e iluminación e repararase a fonte do Claustro de Cabaleiros.

Asemade, realizarase un estudo básico do inmovible e das súas necesidades de cara á súa conservación e á elaboración dun estudo de conservación preventiva, e dun documento técnico que sirva de base para a futura redacción dun plan director do monumento.

Cinema, humor e gastronomía no X Festival das Artes Escénicas de Riós

A praza do Concello de Riós e o soto de Castiñeiros foron escenarios do X Festival das Artes Escénicas "Abelardo Gabriel" de Riós onde se mesturou cinema, humor e gastronomía. "O traballo deste Festival é facerlle crer ao rural galego, indiferentemente de que sexa un evento cultural ou doutras características, que podemos e que podemos desde Ourense", asegurou o director do Festival Rubén Riós. Eva María Barrios, concelleira de Riós, dixo que esta edición demostra "o éxito que ten este festival debido, fundamentalmente, ao entorno no que se realiza, ás súas xentes, aos seus produtos e ás súas paisaxes".

Nesta edición, os artistas homenaxeados coa Castaña de Cristal foron Bruxo Queiman e Andrea Pousa polo seu compromiso coa cultura atlántica. Os artistas deleitaron aos asistentes á presentación do evento cunha actuación musical. Outro dos protagonistas foi emprendedor Gerardo Fernández "Gerí", que foi homenaxeado a título póstumo, co bautizo dun castiñeiro centenario da "Ruta do Talento" co seu nome polo seu compromiso e achega ao emprendemento galego creando unha marca, ciclo-wood, de ámbito internacional.

O Festival comezou con actividades para os máis cativos e seguiu coa "Ruta do Talento", nun

acto conducido polos homenaxeados coa Castaña de Cristal e no que actuaron rapaces participantes nas Xornadas Creativas dentro do proxecto "Ruralizarte" o cal pretende "transmitir aos rapaces de 12 a 17 anos que o rural é unha fonte de creatividade e emprendemento", explicou Rubén Riós. A gastronomía ocupou un espazo importante coa celebración de "Gastroñam", o III Xantar das Artes Escénicas no que a castaña foi protagonista. Neste apartado, que incluíu sesión vermú amenizada con música en directo, os asistentes degustaron un menú a base de produtos típicos galegos por un prezo de 15 euros. Pola noite foi a quenda



Presentación da programación do décimo festival.

para a música coas actuacións de Emilio Rúa e Aneu, de Xael G. E Alba Diz e do monólogo "15 anos" de Noelia Rodríguez participantes da edición "Ruralizarte 16".

Ao día seguinte as actividades xiraron entorno ao cinema coa presentación do trailer do documental "A memoria da raia" e do filme "Castelao. De chumbo

a verba" no que estivo o seu director, Miguel López, no Centro Cultural de Riós. Na praza do Concello Fernando Fumaces e Rubén Riós ofreceron un espectáculo de humor. A música correu a cargo de Aída Blanco, participante de Got Talent, e de SES e Sonoro Maxín. A xornada rematou cunha sesión Dj de Fonsi Fernández.

Galicia

Redacción OURENSE

Anxo da Cruz, premio Xociviga de Honra



Intervención de Anxo da Cruz ante a prensa.

O director, guionista e produtor de cinema Anxo da Cruz, mostrou públicamente o seu agradecemento ao serlle concedido o premio Xociviga de Honra do devandito Festival que se clausurou no Carballiño. Da Cruz sinalou que "é como recibilo da miña casa, e iso non sempre é moi doado". Lembrou que hai agora 30 anos, cando aínda empezaba no mundo do cinema, xa viña a Carballiño por estar sempre vinculado coas Xornadas, "e por iso para min e importantísimo este recoñece-

mento", engadiu.

Anxo da Cruz, que conseguiu tres premios Goya, acudiu ao acto acompañado, precisamente, do Goya ao Mellor Guión Adaptado en 2012, e o alcalde do Carballiño, Francisco Fumega, agradeceu a presenza do premiado e subliñando que ser acreedora a este premio: "Estamos ante un dos cineastas máis importantes de Galicia, pero tamén ante unha persoa que lle quere ás Xociviga, e coas que ten colaborado en moitísimas ocasións". "Podedes contar comigo sempre que vos

queirades", respondeu o cineasta ao alcalde carballiñés.

Por outra banda, Noemí Parga, Marta Valverde e Pablo Cacheda foron os gañadores do certame de curtametraxes das Xociviga 2017. "Bostezó o can e case se traga a miña dama" de Noemí Parga leva o primeiro premio, "O tempo suspendido" de Marta Valverde o segundo e "Superpunk, o musical" de Pablo Cacheda o terceiro premio deste certame. O curto gañador de Noemí Parga foi proxectado no acto de clausura das Xociviga.

Carballiño celebra festival de teatro en setembro

O Festival de Teatro Galego do Carballiño (Fetega) fixo pública a programación da súa vixésima oitava edición, que do 5 ao 9 de setembro ofrecerá unha vintena de espectáculos e propostas formativas coa produción teatral galega como protagonista. A Xunta de Galicia volve apoiar economicamente a mostra, que é un dos nove eventos subvencionados este ano a través da convocatoria de axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) a festivais escénicos.

A presentación da carteleira tivo lugar en Ourense coa participación dos representantes da organización, dalgunhas das compañías programadas e das entidades patrocinadoras e colaboradoras. Por parte da Agadic, interveu o seu director, Jacobo Sutil, quen definiu o Fetega como "un festival de galegos para galegos, que procura poñer en valor a inmensa calidade dos actores, actrices, directores e traballadores en xeral do sector das artes escénicas na nosa Comunidade".



Presentación da programación do teatro do país.

Celanova celebrou o Festival Hércules Brass

O Festival Hércules Brass pechou a cuarta edición cunha xornada de concertos. O Hércules Brass Ensemble, formado por un elenco de artistas de primeiro nivel, profesores, solistas de orquestras sinfónicas e solistas internacionais, abriu os espectáculos de clausura. Cun repertorio moi variado que vai desde Bach ata Duke Ellington, desde a música clásica ao swing, o grupo reúne parte do mellor talento do vento metal e a percusión. A continuación actuou o virtuoso trompetista Rubén Simeó e a Banda de Música de Celanova.

Xunto coas clases maxistras de trombón, trompa, tuba e trompeta dirixidas a preto de 90 alumnos e alumnas, a cargo de recoñecidos intérpretes de dentro e de fóra de Galicia, o festival ofreceu un cartel de nove concertos, que deu comezo o pasado 31 de xullo cun espectáculo a cargo de Fernando Buide, xunto co profesorado do curso, na igrexa de San



Clausura do Festival no claustro do mosteiro de San Salvador de Celanova.

Salvador. VigBrass Ensemble, Back to Brass, Hércules Brass Quinteto de Metais e Natalia Ensemble foron outras das formacións que participaron na cuarta edición deste encontro.

O Festival Hércules Brass Celanova é unha iniciativa promovida pola Asociación Cultural Xingros, co apoio da Xunta de Galicia, do Concello de Celanova e da Deputación, cos obxectivos principais de fo-

mentar o coñecemento e a apreciación musical dos participantes, así como de ampliar e actualizar a súa formación. Así mesmo, entre os fins desta cita está o ofrecer unha programación musical con grupos e artistas de gran talento e cunha posta en escena de calidade e tamén o de dar a coñecer a través da música o patrimonio histórico, literario e cultural da comarca.

A Festa da Istoria busca a declaración de internacional

Ribadavia celebrou unha nova edición da Festa da Istoria iniciándose co tradicional desfile ata o castelo dos Sarmiento. A comitiva estaba composta de damas e cabaleiros, cetrería e xinetes, que logo participa-



Recreación medieval ao carón do Castelo de Ribadavia.

ron nos torneos medievais e que deu paso ao xadrez vivente e cetrería, como actividades máis singulares. Todos os estamentos da sociedade medieval estiveron representados: clero, burguesía, campesinos e a participación dun verdugo. Unha das atraccións principais foi a voda polo rito sefardí, onde os noivos asinaron o contrato dos esponsales e procedeuse á lectura da ketubá, (documento matrimonial onde constan as obrigacións da esposa). Singular foi a comida xudía amenizada por

músicos e que se compuxo de produtos da terra e viño do Ribeiro.

A Festa da Istoria, declarada de Interese Turístico Nacional, é unha fiel recreación da presenza xudía na vila ata que foron expulsados en 1492 e logo perseguidos polo Tribunal da Inquisición. Durante dous días nobres, trovadores e o pobo ocuparon prazas e rúas, convivindo en harmonía seguindo os preceptivos canons da época. A moeda oficial foi o maravedí que se cambiou no banco da Alhóndiga e nas seis sucursais instaladas na vila.

Plan director para o mosteiro de Montederramo

A Consellería de Cultura ten previsto encargar un proxecto para realizar actuacións de mellora dos espazos que ocupaba o antigo colexio e de condicións de accesibilidade para a mellora da visita cultural do mosteiro de Montederramo. O Plan xa está a permitir ampliar e mellorar da calidade da visita turística e cultural do conxunto, sendo o obxectivo final da Consellería poñer en valor este legado para o seu disfrute polas xeracións futuras. O conselleiro Román Rodríguez lembrou a Chamoso Lamas, que cualificara Montederramo como “o máis descoñecido dos vellos mosteiros galegos”, destacando “que se trata tamén dun dos máis sobranceiros bens cos que conta a nosa terra” e explicou que as actuacións realizadas e previstas contribuirán a dar apoio técnico ao Concello para que poida solicitar unha subvención con cargo ao 1,5% cultural “a partir dun proxecto sólido”. No acto estiveron presentes, ademais do conselleiro, o alcalde de Montederramo, Antonio Rodríguez Álvarez e o bispo de Ourense, Leonardo Lemos Montanet.

O Plan Director é un documento no que se define o estado actual do monumento, recollendo a información dispoñible e sistematizando as propostas para o seu uso, mantemento e conservación. O seu obxectivo é establecer o estado de conservación actual do ben e definir as liñas de actuación de cara o futuro no eido da súa conservación e das propostas para o seu desenvolvemento



Visita ao coro do mosteiro de Montederramo.

mento sustentable de xeito compatible cos seus valores culturais e de identidade. Para elo descríbese, en primeiro lugar, as características do monumento e as súas patoloxías construtivas e funcional; define as condicións para o seu mantemento e as súas necesidades de conservación e restauración; e, finalmente, analiza a potencialidade do monumento para o desenvolvemento organizado dunha proposta dos usos compatible cos seus valores culturais que permitan un desenvolvemento sustentable e que colaboren a súa axeitada posta en valor, ao tempo que o convertan nun desenvolvemento sustentable e que colaboren á súa axeitada posta en valor, ao tempo que o convertan nun referente

tanto social como económico da comarca.

Froito da redacción do Plan, no último ano desenvóléronse actuacións básicas de rehabilitación do ben, co fin de dar resposta ao deterioro producido despois de que o inmobile deixara de albergar o antigo CEIP de Montederramo. O obxectivo principal foi achegar as medidas mínimas precisas para conseguir eliminar o perigo fronte a terceiros que supoñía a caída de tellas nos beirís, así como deter as filtracións de cuberta e os danos que estaba producindo a humidade. Así mesmo, realizáronse melloras que permitirán desenvolver de forma máis sinxela traballos de conservación e mantemento.

O Galo picou no chan en Muíños

Muíños celebrou a festa gastronómica do “Galo pica non chan” no polideportivo de Mugueimes, a capitalidade municipal. O menú servido en cazola de barro estaba composto por galo, empanada, pan e bica tradicional. As outras estrelas culinarias da xornada foron becerro do Xurés e “sopas de burro canso”, elaboradas con pan, viño tinto e azucre. Servíronse 900 racións pero foron máis os que se achegaron ata o lugar.

“Moitas persoas non puideron entrar ao recinto debido á falta de capaci-

dade do mesmo”, lamentou o alcalde, Plácido Álvarez Dobaño, quen espera que na próxima edición “póidase solucionar este problema e permitir a todos os que o desexen quedar á comida”.

Otras actividades foron a tradicional baixada de carrilanas, a “Festa das Sopas do burro canso” e o festival musical “Muíños Dance”, que contou coa presenza dos disyoqueis João Dias, Adrián Fernández, Marcos Areas, Luís López, a vocalista Aneu e os irmáns Vallejo. Tamén houbo xogos populares para adultos e para nenos.



Preparación do becerro ao espeto.

San Adrián - Sacardebos CP 32747 - Parada de Sil - Ourense. Tel.: 988 20 82 45 - Fax: 988 20 82 46 - Móv.: 695 69 07 66
www.adegasvalcar.com - E-mail: adegasvalcar@adegasvalcar.com

A Xunta publica cinco licitacións por importe de 7,2M de euros para desenvolver solucións tecnolóxicas innovadoras baseadas en avións non tripulados que melloren os servizos públicos

Estas contratacións enmárcanse no contexto do Polo Tecnolóxico e Industrial de avións non tripulados de Rozas e están financiadas con cargo a un convenio de colaboración co Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, cofinanciado a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). O seu contido é resultado dun proceso de consultas ao mercado que durou máis dun ano e no que interviron máis de 200 entidades (entre empresas, centros tecnolóxicos, centros de investigación e as consellerías da Xunta de Galicia).

En concreto, as solucións que se llicitan son: un xestor de conxunto de datos xeorreferenciados obtidos por UAVs; a adquisición, mantemento e automatización de bases topográficas e cartográficas mediante medios aéreos non tripulados; o seguimento das dinámicas de ocupación do solo e axuda á planificación territorial mediante o uso de vehículos aé-

reos non tripulados; o reforzo da seguridade marítima da frota pesqueira galega e das actividades de seguimento da súa actividade mediante o uso de vehículos aéreos e mariños non tripulados e a automatización de mostraxes oceanográficas mediante vehículos non tripulados.

A primeira das licitacións (xestor de conxunto de datos xeorreferenciados obtidos por UAVs), por importe de 450.000 euros, ten por obxecto o desenvolvemento dunha plataforma para a xestión integral dos datos xeorreferenciados, co fin de ser accesibles de xeito sinxelo polos distintos usuarios de aplicacións de produción de información xeográfica. A segunda licitación (adquisición, mantemento e automatización de bases topográficas e cartográficas mediante medios aéreos non tripulados), por importe de 1,5 millóns de euros, está relacionada coa primeira. Persegue o deseño, desenvolvemento e posta en operación

dunha solución que permita a elaboración e edición de bases topográficas e cartográficas a partir dos datos capturados polos sensores aerotransportados en UAVs e noutros vehículos, aéreos, náuticos e terrestres. Esta solución permitirá acceder dun xeito rápido e sinxelo a esta información e dispor dunha capacidade de busca de información de alta eficiencia para o seu uso, por exemplo, na planificación de infraestruturas, na planificación hidrolóxica, no inventario e catalogación de bens culturais, etc.

A terceira contratación (seguimento das dinámicas de ocupación do solo e axuda á planificación territorial mediante o uso de vehículos aéreos non tripulados), por importe de 1,3 millóns de euros, busca unha solución que permita a elaboración de información sobre coberturas e usos do solo, así como un conxunto de ferramentas de apoio á planificación territorial a partir

dos datos capturados polos sensores aerotransportados en UAVs e noutros vehículos aéreos, náuticos e terrestres. Esta solución permitirá optimizar a elaboración de instrumentos de ordenación urbanística e territorial, o control da legalidade urbanística, a planificación de áreas empresariais, a planificación agraria, entre outros usos.

No tocante á cuarta licitación (reforzo da seguridade marítima da frota pesqueira galega e das actividades de seguimento da súa actividade mediante o uso de vehículos aéreos e mariños non tripulados), que ascende a 1,5 millóns de euros, ten por obxectivo o desenvolvemento e posta en operación dunha solución que permita dotar aos organismos da Administración galega responsables do control da frota pesqueira, dun servizo mellorado que dea resposta, de xeito conxunto, a dúas necesidades: mellora da seguridade mediante un sistema de monitorización continua, e se-

guimento da actividade pesqueira e do cumprimento das condicións de traballo da frota.

Por último, a quinta licitación (automatización de mostraxes oceanográficas mediante vehículos non tripulados), por importe de 2,5 millóns de euros, ten por obxecto o deseño, desenvolvemento e posta en operación dunha solución que permita dotar aos organismos da Administración galega responsables do control das distintas masas de auga, dun servizo mellorado de mostraxe e recollida de datos, baseados nas novas tecnoloxías e no uso de vehículos autónomos aéreos e acuáticos, cun triple obxectivo: abaratar os custos de monitorización da calidade das augas; a mellora da periodicidade da toma de mostras e datos; e incrementar significativamente as posibilidades de realizar as actividades de control nas augas marítimas en condicións meteorolóxicas adversas.

Na busca de drons que fagan a vendima

Un novo proxecto científico, Robondrovi, prevé o uso de frots de robots voadores para, polo de agora, recoller información sobre as vides e no futuro realizar outras tarefas vitícolas.

Robondrovi é o acrónimo escollido para o programa “Aplicacións e uso de Robótica no manexo do Viñado”. Esta iniciativa acaba de botar a camiñar grazas a través da aprobación dun grupo operativo de e reflexión e investigación por parte Ministerio de Agricultura. Nel participan 16 socios de todo o Estado, cinco deles galegos. O obxectivo: crear robots aéreos e terrestres que permitan tomar decisións sobre os viñedos.

Do país colaboran as famosas adegas Terras Gauda, a súa denominación de orixe (Rías Baixas), a Universidade de Santiago de Compostela a través do Departamento de Botánica da Facultade de Bioloxía, a Plataforma Tecnolóxica do Viño e Asociación Ga-

lega de Sistemas Intelixentes non tripulados. E é que un dos obxectivos do proxecto é usar drons, robots aéreos, nos baceiros.

O cultivo dos viñedos é unha das tarefas agrícolas que máis man de obra require. O uso de robots en tarefas como a vendimia aínda está moi verde segundo sinala a USC de bido “a súa escasa flexibilidade, eficiencia e robustez, ademais do seu alto custo operativo”.

O obxectivo final é que os drons sexan quen de recoller datos para mellorar a calidade e a sanidade da vendima, e incrementar a rendibilidade da produción nos viñedos, explican dende a Facultade de Bioloxía.

O certo é que o primeiros pasos cara este obxectivo xa se

deron. Robotnik Automation, a empresa valenciana líder deste novo consorcio, creou VINBOT. Defíneno como “un robot móbil autónomo todo terreo cun conxunto de sensores capaces de capturar e analizar imaxes do viñado e datos en 3D mediante aplicacións de cloud computing, para determinar o rendemento dos viñedos e para compartir información cos viticultores”.

Segundo os seus creadores, VINBOT é quen de interpretar datos entrantes procedentes de sensores como láseres ou cámaras en mapas 3D, actualizando estes mapas nun servidor e mellorando a precisión para ofrecer ás produtores estimacións reais de, por exemplo, cando vendimiar en cada zona.



Un dron voa un viñado na zona do Rosal | Fonte: USC

O seguinte paso é que esta enorme candidatos de datos poidan ser procesados e compartidos mediante técnicas de big data. Así os viticultores poderían contar con parámetros obxectivos para tomar decisións sobre os seus viñedos.

O novo grupo xa realizou un diagnóstico elaborado por todos os participantes sobre o estado actual da tecnoloxía. A partir de 2018 queren probar os robots te-

rrestres, apoiados en voos de frots de robots terra-aire, nos vaceiros. Desta forma, espérase axudar ao viticultor na súa toma de decisións diaria en relación co manexo do viñado e na execución de diferentes tarefas.

O Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA) concedeu-lle a este proxecto unha subvención de máis de 57.000 euros este verán.

O espectáculo "Voos" abre a programación de teatro e danza do Auditorio para a volta do verán

Inspirada polo xenio creativo e revolucionario de Leonardo Da Vinci, a prestixiosa compañía Aracaladanza leva ao escenario do Auditorio de Galicia unha fermosa proposta onírica que convida ao público a abrir as ás e voar. Voos é un espectáculo de danza contemporánea para público infantil e familiar que pretende, a dicir dos seus creadores, "deleitar os sentidos e convertelos, ao tempo, en ferramentas subversivas coas que cambiar o mundo". Chega a Santiago nunha única función programada o sábado 9 de setembro, ás 18:30 horas, na

Sala Ángel Brage. As entradas, a 10 euros, xa están a venda no portal de Abanca e nos despachos de billetes do Teatro Principal e o Auditorio de Galicia.

Creada en 1995 por Enrique Cabrera, a compañía madrileña Aracaladanza constitúe unha referente da arte escénica española a nivel internacional. O coidado traballo cos obxectos é unha constante da súa proposta artística, que se volve maxistral neste espectáculo co-producido por Teatro de la Abadía, Sadler Wells Theatre e Comunidad de Madrid, e no que tamén colabora o Festival Grec Barcelona. De es-

tética renacentista, Voos converte os artefactos voadores ideados polo xenio florentino en protagonistas da acción e achega ao público miúdo outra maneira de experimentar a danza contemporánea.


Enrique Cabrera é o autor e director deste proxecto, finalista dos Premios MAX 2017 nas categorías de Mellor Figurinista e Mellor Espectáculo Infantil e Familiar. Cunha duración aproximada de 50 minutos, conta con música orixinal de Luis Miguel Cobo e coas interpretacións de Carolina Arijá, Jimena Trueba, Jonatan de Luis, Jorge Brea e



Raquel de la Plaza.

O espectáculo forma parte do programa PLATEA, Programación Estatal de Artes Escénicas, pro-

movido polo INAEM, Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.



Teatro, monicreques e danza no mes de setembro

A canción do elefante, de Redrum Teatro. O thriller teatral dirixido por Álex Sampaio represéntase do 13 ao 16 de setembro no Teatro Principal. Ernesto Chao, Guillermo Carbajo e Patricia Vázquez protagonizan a versión galega do texto orixinal *The elephant song*, de Nicholas Billon. As entradas, a 10 euros, xa están á venda no portal de Abanca e nos despachos de billetes de Teatro Principal e Auditorio.

O arxina e o felo, de Viravolta Títeres. A compañía galega chega ao Principal o domingo 17 de setembro cun espectáculo de monicreques sobre a lingua dos canteiros a partir dun texto de Francisco Rozados "Rochi". Garabullo e Mangarrias son dous canteiros teimudos que están a construír unha ponte. Durante o proceso, instrúen o seu aprendiz na arte e verbo dos arxinas, ao tempo que un demo burlón trama facerse coas súas almas. A función forma parte do programa Apego, no que participa o Concello de Santiago e que ten como obxectivo estimular o uso do galego como lingua inicial. O prezo das entradas, á venda nas canles habituais, é de 3 euros.

Reencuentro, de Choni Cía Flamenca. A arte flamenca de Asunción Pérez "Choni" toma o Teatro Principal o venres 22 de setembro, ás 20:30 horas, co espectáculo Reencuentros. Nesta homenaxe, ás persoas e momentos que deixaron pegada na súa traxectoria vital e artística, a bailaora faise acompañar en escena polo cante de Alicia Acuña, a guitarra e zanfona de Raúl Cantizano e a trompeta e percusión de Antonio Montiel.

Boneca de porcelana, de Bravo Teatro! e TalyCual. Primeira produción a nivel internacional do texto *China Doll*, de David Mamet, logo da súa estrea absoluta en Broadway en decembro de 2015. O director Juan Carlos Rubio e o produtor Bernabé Rico fan súa esta ollada ás miserias do poder, que conta con José Sacristán e Javier Godino como protagonistas. No Auditorio de Galicia, o sábado 23 de setembro ás 20:30 horas.

A pequena e grande orquestra, Urdime e Cadena Ser. A verbena da xente miúda ocupa a Sala Ángel Brage do Auditorio de Galicia o domingo, 24 de setembro ás 18:30 horas. Este espectáculo musical, que tamén forma parte do programa Apego, mestura o repertorio de música infantil máis tradicional cos grandes éxitos que acompañaron nos 90 a toda a xeración Xabarán e as achegas dos grupos musicais que agromaron no país nos últimos quince anos.



Seguimos ofrecéndolles información interesante na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítenos

EIXOATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

Galicia

Redacción A CORUÑA

A Coruña acollerá unha mostra sobre a vida e a obra de Fernando Rey

O Kiosco Alfonso contará, entre o 20 de setembro e o 19 de novembro, coa exposición gratuíta 'Fernando Rey. Cabaleiro do cinema'. Á vez, e en colaboración con esta iniciativa do Concello da Coruña, o CGAI revisará os títulos máis destacados do actor nun ciclo especial

A Coruña acollerá este outono unha mostra sobre a vida e a obra de Fernando Rey, actor internacional e veciño da Coruña. A iniciativa que parte do Concello e, en concreto, da área de Culturas, Deporte e Coñecemento, busca "acabar coa débeda histórica que esta cidade sempre tivo para co recoñecemento dun veciño que foi referente do cinema internacional". Así o indica o titular da concellería, José Manuel Sande, que explica que o Kiosco Alfonso contará dende o 20 de setembro até o 19 de novembro cunha exposición titulada Fernando Rey. Cabaleiro do cinema (1917-2017) baseada "en fotografías, documentos, premios e recordos que el mesmo foi conservando ao longo da súa vida". A mostra, que analiza as diversas etapas vitais e artísticas do actor a través da súa filmografía, tamén fai fincapé na súa nenez herculina. De xeito paralelo, e en colaboración con esta iniciativa municipal, o Centro Galego de Artes da Imaxe-Filmoteca de Galicia (CGAI) levará a cabo un extenso ciclo coas películas máis destacadas do actor, como Viridiana, Tristana, Campanadas a medianoche ou The French Connection



entre outros títulos.

"Fernando Rey, nado na Coruña no seo dunha familia republicana, foi recoñecido a nivel internacional, cualificado por Orson Welles como un dos mellores actores de Europa. Non obstante, a realidade é que na Coruña nunca se tivo especialmente presente o feito de que era un veciño desta cidade que, segundo as súas declaracións en vida, tiña recordos de nenez do Campo da Leña ou os Xardíns de Méndez Núñez", comenta Sande. "É certo que hai xa moitos anos, Rey foi pregoeiro das festas de María Pita así como xurado nal-

gún dos festivais de cine históricos da cidade. Non obstante, cremos que era obrigado realizar esta homenaxe de difusión cultural e de recoñecemento a unha carreira exemplar que se puido levar a cabo, en gran medida, grazas ás achegas da súa propia familia, que facilitaron o acceso ao seu arquivo fotográfico persoal", destaca.

A mostra sobre Fernando Rey está comisionada polo catedrático de Comunicación Audiovisual José Luis Castro de Paz e o xornalista Rubén Ventureira, e conta co deseño e a produción do arquitecto Alfredo Sellier.

Os centros Ágora e Fórum, amplían a oferta de lecer con 98 obradoiros e 2.000 prazas

A Concellería de Culturas, Deportes e Coñecemento abre o vindeiro día 4 de setembro o prazo de preinscrición para os obradoiros de lecer do centro Ágora e o Fórum Metropolitano a partir de outono, que este ano amplían a súa programación cultural con 49 obradoiros en cada centro e un total de máis de 2.000 prazas, que se adxudicarán por sorteo público. O programa, dirixido a público de todas as idades, oferta opcións infantís (a partir de 4 anos) e para público adulto (desde 16 anos), con propostas temáticas que abranguen desde a historia da Coruña, arte, literatura, astronomía, teatro, saúde física e mental, cociña, ou manualidades, e inclúe tamén obradoiros específicos para persoas de máis de 65 anos.

A preinscrición para participar nalgún dos obradoiros poderá realizarse os días 4, 5 e 6 de setembro na conserxería do Fórum Metropolitano e do Ágora, así como por vía, telemática, a través da a folha de preinscrición dispoñible na web municipal (www.coruna.es/cultura).

O sorteo público para adxudicar as prazas terá lugar o 8 de setembro, ás 10.00 horas, en cada un dos espazos, e desde o día 11 e ata o 13 poderá consultarse o resultado do sorteo, para poder formalizar a inscrición, que se realizará nas conserxerías de ambos centros, antes do inicio das actividades, o luns, día 25. A cota de inscrición é de 30 euros por obradoiro, ou de 21 euros, en caso das persoas maiores de 65 anos.



O Ágora celebrará en outubro un 'hackathiño', encontro para fomentar o uso entre a cidadanía dos datos abertos, centrado na mobilidade sostible

O centro municipal Ágora acollerá o vindeiro 7 outubro unha xornada aberta a cidadanía baseada nos datos abertos, trátase do segundo 'Hackathiño' de datos abertos, que este ano se centrará en solucións para o fomento da mobilidade sostible. O evento, impulsado polo Grupo de Programadores e Usuarios de Linux (GPUL), xunto a asociación Árticos e o GDG Coruña, conta coa colaboración do Concello da Co-

ruña, a través da área de Participación e Innovación Democrática, dirixida por Claudia Delso. O 'Hackathiño' é un evento que xuntará a profesionais do desenvolvemento de datos abertos, xornalistas de datos, deseñadores e deseñadoras co obxectivo de idear proxectos que melloren, a través de datos abertos, un aspecto en concreto da sociedade. "Neste caso, estamos especialmente satisfeitos de que se teña escollido

o tema da mobilidade sostible, como saben, un tema no que o goberno local da Coruña está absolutamente centrado e que constitúe unha das liñas de actuación principais", explicou a concelleira Delso.

Como na anterior edición, os e as asistentes a este encontro tratarán de aproveitar ou xerar datos en formato aberto e a tecnoloxía libre. Estes serán publicados cunha licenza de carácter



Centro municipal Ágora

libre que permitirá a súa reutilización para calquera uso. Na pasada edición, por exemplo, integráronse os datos de uso en tempo real dos servizos de Bici-Coruña e se integraron dentro do proxecto aberto, de carácter internacional, Citibik.es, de cidades accesibles. Tamén xurdiron outros proxectos como OpenPet, para agrupar datos de protectoras de animais. Igual que o pasado ano varios e varias expertas en temas

como a liberación, a visualización ou a análise de datos, traballarán cos equipos que terán a oportunidade de aprender da súa experiencia de primeira man. Os mellores proxectos do presentados recibirán un agasallo.


O prazo de inscrición xa está aberto, e pode realizarse a través da web <https://hackathino.gpul.org>, onde está dispoñible toda a información en relación ao evento.

'Morris' recibirá o Premio Cinema Galego no Festival de Curtametraxes de Bueu

O coñecido actor manterá un encontro co público no Museo Massó o sábado 9 de setembro

O actor Antonio Durán, máis coñecido como 'Morris', recibirá o Premio Cinema Galego no 10º Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu. A entrega do galardón, co que desde este décimo aniversario se recoñecerá anualmente a traxectoria dun profesional da industria audiovisual galega, terá lugar o sábado 9 de setembro ás 19.45 horas na sala multiusos do Museo Massó, na xornada inaugural do FICBUEU 2017. O eterno "cuñado" da serie Pratos combinados, que pasará o día gozando das actividades do certame, manterá tamén un encontro co público, que tomará forma de entrevista en profundidade.

A conversa debullará o camiño que 'Morris' percorreu ata converterse nun referente da pequena e a gran pantalla, aínda que tamén conta cunha longa experiencia interpretativa en teatro. Actor e presentador en diversos programas da Televisión de Galicia desde os seus inicios, tras o popular papel do pillabán Antón, amante das "necoriñas", participaría posteriormente en sonadas series como Padre Casares, Hospital Real ou O final do camiño. No cine traballou con directores de renome como Fernando León, en Los lunes al sol e Princesas; Icíar Bollaín, en



Mataharis; Ignacio Vilar, en A Esmorga ou Alfonso Zarauza, en Os fenómenos.

Na súa dilatada traxectoria profesional, Antonio Durán obtivo numerosos premios televisivos e teatrais. Foi nomeado en quince ocasións aos premios Mestre Mateo, dos cales obtivo catro. Entre os seus últimos proxectos atópanse Pielas, estreada este ano na Berlinale, e Dhogs, a primeira película en galego que se exhibiu nos 50 anos do Festival de Sitges. Axiña poderemos ver a súa participación en A estación violenta, ópera prima de Anxos Fazáns, e en Fariña, serie de Atresmedia baseada no exitoso libro do mesmo título sobre o narcotráfico en Galicia.

O programa radiofónico Carne Cruda realizarase ao vivo na xornada de clausura do FICBUEU

O recoñecido programa radiofónico Carne Cruda emitirase desde Bueu (Pontevedra) o vindeiro 16 de setembro nos exteriores do Centro Social do Mar, coincidindo coa xornada de clausura do Festival Internacional de Curtametraxes. O director e presentador do espazo, Javier Gallego 'Crudo', entrevistará a profesionais de recoñecido prestixio que se achegarán ata a vila para participar no FICBUEU 2017.

Carne cruda é un programa crítico e ácido cun gran contido cultural, que conxuga con activismo social, política, actualidade, humor e música. Así será tamén en Bueu, onde contará con actuacións en directo e conversas con diferentes convidados das que o público poderá gozar na rúa a partir das 19.45 horas. Como non podía ser doutro xeito, tamén haberá oco para analizar a décima edición do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu.

O espazo emítese online tres veces por semana, tanto na súa web como na de eldiario.es, periódico dixital do que forma parte na actualidade. Con anterioridade

estivo na grella de Radio 3 e da Cadena Ser, pero hoxe é unha proposta independente financiada sobre todo polos seus oíntes. En 2012 recibiu o Premio Ondas ao mellor programa da radio española e na actualidade conta cun gran número de seguidores nas redes sociais e na súa plataforma de podcast, que agora terán a oportunidade de poñerlle cara ás súas voces favoritas.

Carne Cruda xa estivo presente no FICBUEU en 2012. Naquela quinta edición, o público dedicoulle unha longa e sonora ovación á homenaxe que o programa recibiu no arranque da cerimonia de en-



trega de premios. Un recoñecemento que se materializou na proxección dun fragmento da película 'Network' -a miúdo utilizado no espazo radiofónico- que convida a berrar para desafogar a indignación.

A Praia Fluvial de Sela, o Río Miño e os seus encantos

A Praia Fluvial de Sela situada no corazón de Arbo na Parroquia de Sela, o Río Miño segue deixando paisaxes máxicas, únicas e con moito encanto.

Para chegar á Praia Fluvial de Sela, collemos a estrada que une Arbo con As Neves (PO-400) e cerca do quilómetro 14 á altura de Sela tomamos un desvío e adentrámonos nunha zona de vivendas, onde a man dereita podemos ver un antigo aserradeiro e a 500 metros deste, seguindo pola mesmo marxe encontrámonos coa antiga fábrica de cepillos, da que aínda se conserva unha torre de aproximadamente 20 metros que servía de cheminea. Ambas fábricas foron para os veciños da Parroquia de Sela e de Arbo, unha base de sustento durante anos. Actualmente encóntranse en ruínas pero se conserva a estrutura do que en tempos fora unha fábrica.

Actualmente nunha parte da fábrica de cepillos instalouse unha bodega.

A continuación cruzamos a ponte que atraves a vía do tren, e encontrámonos cunhas construcións antigas cunha arqui-

tectura moi peculiar e chegamos á zona de aparcamento desde onde podemos ir divisando a fermosa paisaxe que imos descubrir na senda do Río Miño.

Na beira do Río Miño encontramos unha zona de ocio con merendeiro e praia fluvial, zona de pesca e un entorno exclusivo para relaxar.

Desde a Praia fluvial de Sela pódese disfrutar de dúas rutas beira río: "A Ruta das Pesqueiras" e a "Ruta dos Pescadores".

Situada a lombos da Pesqueira chamada "o Puntal do Canelas", podemos sentarnos no miradoiro alí situado e ver o remanso do río e no lateral encóntranse o Manantial de Aguas Medicinais de Sela, augas que no seu momento foron embotellas e exportadas a distintas zonas da xeografía galega.

Podes pasar un día en familia, onde os máis pequenos poderán disfrutar da natureza e as actividades ao aire libre.

En Sela tamén poderán disfrutar da Igrexa Parroquial, das pinturas murais situadas no teito da mesma, das prazas, pazos e demais patrimonio que esta Parroquia ofrece ao visitante.

Vive o Festival de San Sebastián como un auténtico corresponsal de cine con Cabreiroá

Cabreiroá, como colaborador oficial da 65 edición do Festival de Cine de San Sebastián, lanzará un concurso a través das súas redes sociais que permitirá ao gañador disfrutar da experiencia única de vivir o certame como un auténtico corresponsal de cine.

Para conseguilo, todo aquel que desexa participar deberá preparar un vídeo de menos dun minuto de duración realizando unha reseña da súa película favorita, ademais de responder a tres preguntas sobre cultura cinematográfica.

O gañador converterase nun crítico de cine que escribirá para Cabreiroá diversas crónicas do seu paso polo Festival, compartirá os seus vídeos e as súas fotos... Mentres vive a experiencia en primeira persoa. Para iso, o premio inclúe un pase dobre ao certame, que inclúe a asistencia á Gala de Clausura, así como aloxamento para dúas persoas.

Poderase participar desde o 17 de agosto, e ata o próximo 3 de setembro, no Facebook da marca.

Aposta polo cine e a cultura

Desta forma, a agua Cabreiroá, pertencente ao grupo Corporación Hijos de Rivera, consolida a súa vinculación co Festival de Cine de San Sebastián iniciada xa hai seis anos.

Nesta edición, a marca estará presente de novo en todas as presentacións e roldas de prensa, consolidando a súa presenza no festival de cine español máis internacional, así como o seu apoio ao cine e á cultura.

Trátase do certame máis importante de España e un dos máis relevantes do mundo que congrega cada ano a actores e directores de cine de fama internacional. Pola súa alfombra vermella pasaron nos últimos anos, profesionais da talla de Ewan McGregor, Sigourney Weaver, Hugh Grant, ou Richard Gere, entre outros.

0 Revenidas bate récords celebrando a súa edición máis exitosa

O Revenidas é un festival único, vencellado ás tradicións, que combina á perfección espazos de balde para o lecer de familias e de todos os públicos, cun recinto pechado de dous escenarios cunha programación musical que inclúe importantes bandas internacionais, estatais e galegas. Durante a pasada fin de semana -na que se celebrou a súa 14ª edición- milleiros de festivaleiros e festivaleiras se deron cita en Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa) para gozar de tres días con 50 horas de música e unha chea de actividades.

O modelo de combinar actividades de balde para público familiar con concertos de pago segue triunfando nesta festa galega, que continúa tendo como base do seu éxito o crecemento

de novos espazos con actividades vencelladas á vila e ao entorno no que se celebra. Son os casos da Zona Dub na Praia do Preguntoiro, os concertos a bordo do Chasula pola Ría de Arousa, as actividades gastronómicas e Feira Revenida para talentos emerxentes do Parque de Dona Concha ou a Gala de Circo Solidaria, que nesta edición se fixo a favor de Pallas@s en Rebeldía, unha organización que acolle coa maxia do circo a miles de homes e mulleres que foxen da guerra, mentres denuncia as políticas xenocidas da UE.

O Revenidas 2017 reuniu a case unha trintena de bandas e propostas musicais das que La Pegatina, Desakato, Riot Propaganda, Skindred, Dakidarría, Terbutalina e Bohemian Betyars



Fotos de Daniel Cruz

foron as máis aclamadas polos asistentes ao festival.

Isto tradúcese nunhas 4.500 persoas que acudiron o venres ata Vilaxoán para ver a La Pegatina, Terbutalina, Esne Beltza, Vendetta, SondaRúa, Noite Fechada Bolboreta e DJ Pimp; 4.000 o sábado para asistir aos concertos de Skindred, Riot Propaganda, Desakato, Dakidarría, Doen e Pupil·les; e 3.000 que despediron esta edición do festival o domingo con Sara Hebe, Auxili, Txarango, Bohemian Betyars, Zapa, Voodoo, De Vacas, O Leo i Arremecághona e La Duendeneta.

Alén disto, o concerto de De Vacas no Espazo Deleite do Parque de Dona Concha foi todo un éxito, chegando a congrega a 1.500 persoas de todas as idades para gozar en familia da mañá do domingo, e a tradicional Sardiñada Popular Revenidas acadou un éxito sen precedentes ao rematar

entre os 7.000 asistentes á actividade os 1.000 quilos de sardiñas que despachou a organización.

Impacto económico na zona

Vilaxoán é unha vila de 2.000 habitantes que durante os días de celebración do Revenidas recibe a milleiros de festivaleiros e festivaleiras para convivir con eles na zona. Nesta edición, a afluencia incrementouse considerablemente

con respecto a anos anteriores, o que provocou que os caixeiros se quedasen diñeiro dispoñible en varias ocasións, que os hoteis da contorna estivesen cheos durante a fin de semana e que os bares da zona se atopasen ategados de xente, chegando a quedar nalgún caso incluso sen existencias.

Ante esta gran afluencia de asistentes a zona de acampada prevista pola organización encheuse ás poucas horas da súa apertura e houbo que habilitar outra en tempo récord que se situou no Rial. Tras constatar que se xuntaron máis de 1.100 tendas de campaña, barállase estudar outros modelos para mellorar a zona de cara a futuras edicións.

Toda esta actividade viuse reflectida nun impacto económico duns 1.400.000 euros, ademais dos 700 postos de traballo que xerou o festival (200 directos e 500 indirectos), que amosan o esforzo que hai detrás dos escenarios, espazos e actividades do festival.



As seis sesións de concertos a bordo a cargo de Najla Shami, Lydia Botana, O Leo Arremecághona, Xurxo Souto e Ugía Pedreira esgotaron todas as súas entradas.



Arancha Rodríguez González foi a gañadora da XV Edición do Festival Internacional de Karaoke de Salvaterra

Quince anos leva o Concello de Salvaterra organizando o Festival Internacional de Karaoke, punto de encontro de todos os amantes da música que se reúnen en Salvaterra de Miño para ofrecer as súas mellores interpretacións aos centos de espectadores que acoden para disfrutar das súas voces, nunha agradable velada musical.

Este ano participaron máis de 50 persoas, das cales, despois da preselección que se fixo no

Karaoke Vox de Pontearreas, que colaborou este ano coa organización do evento, pasaron 24 finalistas para participar nesta edición, que sobresalíu sobre todo pola alta calidade das voces e das interpretacións.

O Xurado, membros de recoñecido prestixio e profesionais de ampla traxectoria musical, estivo formado por Felix Cebreiro, produtor e compositor de música, Daniel Gregores Muñoz, director da Banda e Es-

cola de Música de Salvaterra, Carlos Mariño, compositor e produtor de música e Andrea Martínez Filipón, profesora e Diplomada en Viola, e actuando como secretaria Marta Valcárcel Gómez Tenente de Alcalde e Concelleira de Cultura.

Despois dunha dura competición o xurado proclamou gañadora do 1º Premio da XV edición do Festival Internacional de Karaoke a Dona Arancha Rodríguez González, que viña dende Pon-



tevedra e que nos deleitou con Hero de Mariah Carey e Listen de Beyonce. Como segundo cla-

sificado Diogo Cordeiro da Silva e como terceiro José Luís Bastos Rodríguez.

Redacción

Participación récord na 5ª edición do Certame de Pintura Antonio Fernández

0 xoves 24 inaugurouse unha exposición no Mercado de Tomiño coas obras dos participantes

O pasado domingo 20 de agosto, un dos días de máis calor deste verán, tivo lugar a quinta edición do Certame de Pintura Antonio Fernández.

A pesar das altas temperaturas, a participación foi elevada: 43 persoas artistas da pintura ocuparon diversos enclaves da contorna de Goián, moitos deles preto da ribeira do Río Miño.

O día transcorreu e os artistas aproveitaron o tempo ao máximo para ter rematadas ás súas obras á hora establecida, as 19.00 da tarde, momento onde tiñan que depositar as súas obras no lugar habilitado no Espazo Fortaleza.

O xurado, composto por Nuno Correia, Vicepresidente da Fundación Bienal de Artes de Cerveira, Helena Mendes Pereira, Membro da Fundación Bienal de Artes de Cerveira, Liliya Pobornikova, escultora, Magín Picallo, escultor, Cesar Sobral, da Comunidade de Montes de Goián, e a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, elixiron de entre todas as persoas participantes e fallaron os premios previstos, resultando gañadores: 1º premio: Eduardo Pérez Baamonde 2º premio: Manuel Carballeira Rivas ; 3º premio: Martina Bugallo González

Dende o Concello de Tomiño valórase moi positivamente a alta participación desta edición do Certame, que se interpreta como a consolidación dunha cita anual importante no ámbito da cultura en Tomiño.



Minho Reggae Sunsplash en Goian os días 1 e 2

Con máis comodidades, máis espazo e rodeados de natureza, así é como regresa o festival Minho Reggae Splash que por oitavo ano será o encargado de pechar a tempada festivaleara a primeira fin de semana de setembro. Dous días cheos de obradoiros, conferencias, actividades deportivas e artísticas, espectáculos, feira de artesanía e, por suposto, moito reggae. Bandas internacionais e nacionais que converterán novamente ao Baixo Miño no referente do reggae nacional.

O festival Minho Reggae Splash celebra a súa oitava edición no concello de Tomiño, na parroquia de Goián, como vén facendo dende hai catro anos. Nesta edición repite cunha nova localización para o recinto de concertos que estará situado a poucos metros do Espazo Fortaleza ao carón do río, con praia fluvial, zona de descanso, aparcadoiro e todas as facilidades precisas para pasar unha fin de semana gozando da música e das actividades que nos propón a asociación viguesa, que leva traballando a prol deste estilo musical dende hai oito anos.

Poderase gozar dos concertos, de todas as actividades e da zona de acampada a partir de 15 euros. Este é prezo do abono reducido de dous días que dá dereito a partici-

par en todas as actividades e acceso ao recinto de concertos. Aqueles que queiran ir só un dos dous días, poderán facelo por 20 euros. O billete tamén poderá adquirirse no propio recinto do festival por 30 euros os dous días.

A Asociación Minho Reggae continúa apostando pola calidade e a innovación á hora de escoller ás bandas que van participar na oitava edición do festival. Músicos chegados de Cabo Verde, Xamaica, Nova Caledonia, Francia e de toda a xeografía estatal que nos levarán até a esencia do reggae.

Clásicos do ámbito internacional como o xamaicano Rod Taylor pero tamén bandas emerxentes como os composteláns Cachas & Cousins. Do Roots máis clásico á fusión con ritmos diferentes, como é o caso de Ras Kuko. Sons que chegan coa novidade da música que se está a facer nas illas do Pacífico, da man de Marcus Gad & Tribe, sen deixar en esquecemento o poder da mensaxe e a forza da man de Mo'Kalamity.

Unha programación que pechará o venres e o sábado na área soundsystem cunha variedade de nomes a destacar, dende os vigueses Skank-Fu Hi-Fi ata os franceses Blackboard Jungle, contando coa participación tamén dos artistas George Palmer, Nytto Dread e Payoh Soulrebel.

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

ENGLISH FOR KIDS
A partir dos 4 anos

1-2 SETEMBRO

8ª EDICIÓN GOIÁN(TOMIÑO, GZ)

MINHOREGGAESPLASH 2017

Reggae Pon Di River

SÁBADO 2

Rod Taylor *featured by Bob Waza & Positive Roots Band*

Mo'Kalamity and The Wizards

Marcus Gad and Tribe

Dandy Fever

VENRES 1

Downtown Beat *featured by George Palmer Nytto Dread Payoh Soulrebel backed by Rootskank Squad*

Mango Wood

Cachas Cousins

Ras Kuko and One No Band

INFO: WWW.MINHOREGGAESPLASH.COM

Entrevista

Por Moncho Mariño

Bernardo Penabade, profesor de ensino secundario no IES Perdouro de Burela

“No Proxecto Neo facilitamos a participación de xente nova en risco de exclusión”

Bernardo Penabade é profesor de ensino secundario no IES Perdouro de Burela. Alí, xunto cos seus colegas de traballo, desenvolveu o Proxecto Neo dirixido aos neofalantes en galego. Todo isto dentro do denominado Modelo Burela de integración e inmersión lingüística entre as diferentes comunidades que conviven nesta vila do norte de Lugo.

-Antes de entrar en materia, cal é a diferenza entre Proxecto Neo e Modelo Burela?

O Modelo Burela naceu en 2004 como unha intervención educativa destinada á transformación dos usos lingüísticos habituais tanto na comunidade escolar como no seu ambiente social máis inmediato. Durante catro anos fixemos de campo e en 2008 asumimos a responsabilidade de coordinar a redacción do Modelo Burela de Planificación Lingüística, que foi aprobado por unanimidade polo pleno municipal. Durante tres anos, a nosa intervención educativa asumiu a responsabilidade de orientar as actuacións do concello en materia lingüística. Esta situación modificouse en 2011 co cambio de goberno local, que non anulou o acordo plenario, mais tampouco o implementou.

Dentro do Modelo Burela está o Proxecto Neo, a intervención destinada á incorporación á cultura galega de persoas que non tiveron o galego como a súa primeira lingua. Desde o mes de xaneiro de 2012 mantemos unha emisión radiofónica semanal na que damos a coñecer experiencias de neofalantes.

-Como era o marco social e lingüístico onde se desenvolvían os dous proxectos?

Nun ámbito totalmente urbano, o panorama lingüístico era o típico do rural. O galego, habitual na expresión oral espontánea, estaba practicamente ausente da expresión escrita. Nas escolas, aínda que fose o vehículo de comunicación de case nove de cada dez estudantes, tiña o estatuto de lingua litúrxica. Nos centros escolares aprendíase o seu código escrito, mais despois non se usaba socialmente e a relación de subordinación era considerada normal e non se cuestionaba.

-Como foi posíbel a integración, ata certo punto, de comu-

nidades extragalegas ao uso diario do galego ou polo menos, do seu uso na vida cotiá?

Burela era unha localidade mariñeira cos típicos hábitos lingüísticos tradicionais, a comunicación espontánea en galego e a formal en castelán. A partir de 1978, a transformación urbanística foi enorme e a poboación chegou a multiplicarse por dez. En poucos anos recibiu un auténtico aluvión de persoas da Mariña, das cidades galegas, da comarca eo-naviega, de Castela, de África e América e mesmo da Indonesia. A xente vinculada co mar integrouse tan espontaneamente que pasou a usar as mesmas interferencias e alternancias de código que os orixinarios do lugar. Outro tanto pasou coas fillas e fillos do persoal que chegou para traballar na fábrica do alumínio. Mais a dinámica mudou no momento en que Burela se converteu na capital dos servizos sanitarios comarcais. O Hospital da Costa pasou a ser un importante foco de transculturación.

-As iniciativas coma esta des-pertan atención, tanto nun sentido como noutro, non? Houbo impedimentos e apoios, supoño.

O maior impedimento foi a indiferenza. Certo é que todos estes impedimentos foron aproveitados por personaxes alérxicos á interculturalidade. Por certo, personaxes de opcións políticas ben diferentes.

Mais tamén houbo moitos e moi importantes apoios. Para observar unha panorámica da acollida, nada mellor que visualizar o documental Modelo Burela, de Matías Nicieza. Ese audiovisual é unha auténtica radiografía do ambiente social en que traballamos.

-Detrás de cada proxecto hai un ou máis obxectivos. No caso de Proxecto Neo cal ou cales son?

O primeiro dos obxectivos de



Foto de Lucía Rivas

Proxecto Neo é puramente didáctico. Antes de nada, é unha actividade práctica de aprendizaxe significativa, de práctica lingüística oral e escrita e fomentar traballo en equipo. Proxecto Neo é tamén un medio de divulgación dun modelo de educación inclusivo e un referente da interculturalidade. Con Proxecto Neo ensinamos Lingua, Literatura e Cultura dun xeito moi práctico. Coñecemos experiencias de aprendizaxes de segundas e terceiras linguas, ofrecemos modelos de incorporación de neofalantes e facilitamos a participación de mozos e mozas en risco de exclusión social.

-Todo parte dunha filosofía ou puntos definitorios que afunden as raíces en concepcións da xente envolta na Xeración Nós. Explícanos esta parte.

Non se trata de diferenzas entre o século pasado e o presente. Trátase de como nós vemos no mundo. Cen anos despois da eclosión das Irmandades e de Nós, temos moi claro que queremos fortalecer as raíces na nosa terra e que nos queremos relacionar en pé de igualdade con outros pobos.

-Existen unhas actividades desenvolvidas dentro deste Proxecto. Como nacen e se desenvolven?

Aprendemos cos traballos de campo, coas viaxes educativas monográficas e cos intercambios con outros centros. Mantemos colaboracións estables con outros institutos galegos e con lugares do Estado en circunstancias parecidas. Mais todos os anos nos mantemos en contacto cos países anglófonos e francófonos e con Portugal.

-A que outras linguas se quere involucrar para o desenvolvemento competencial lingüístico dos mozos e mozas?

Desde 2004, vimos practicando co alumnado o mesmo modelo que queremos para as nosas familias, coñecer ben o propio e boa disposición e boa formación para relacionarse co resto. Para iso fai falta ter fluencia en tres linguas internacionais e o alumnado que se desenvolve ben en galego oral e escrito está situado na primeira liña. O alumnado inmigrante o mesmo. Simplemente, que nese caso a nosa non é a súa primeira lingua, nin debe pretender selo. Como se entende que

unha comunidade africana de 600 persoas, con máis de medio centenar de adolescentes no mesmo centro educativo, e con máis de trinta anos vivindo entre nós, non teña recibido nunca unha hora de docencia no seu idioma familiar? Un disparate. O caso é que despois queixámonos das consecuencias.

-De cara o futuro, que iniciativas estades preparando para MB?

Estamos no mesmo de sempre, facendo escola polas mañás, traballo de campo polas tardes e buscando día e noite recursos económicos para manter esta intervención educativa. Mantemos dous programas radiofónicos, realizamos viaxes educativas, programamos conferencias e encontros e facemos vídeos, todo con diñeiro que conseguimos concorrendo a diversos premios exclusivamente. Do resto, Concello, Deputación, Xunta, Estado e Europa, nin un euro. Se non nos recoñecen o mérito educativo, a ver se polo menos nos conceden unha mención en Economía. Porque de Economía de Subsistencia sabemos moito. Somos especialistas.

Novas da Raia

Galería de Hernández

Agosto festeiro no Condado e Paradanta



Concurso de Cortadores da Feira Festa do Xamón da Cañiza.



Degustación na Carballeira o 15 de agosto, Festa do Xamón da Cañiza.



Saboreando o produto na Festa da Lamprea Seca en Arbo.



Concertos o venres, sábado e domingo na 5ª edición do Festival de Jazz de Ponteareas.



Salvaterra de Miño viviu a súa 58 Festa do Viño do Condado do Tea.



Na Festa do Viño organizause unha cata comentada no Castelo de Dona Urraca.



A noite gastronómica encheu o recinto das murallas coa música de Xulio Lorenzo e Luar na Lubre.



O domingo foi tempo de rock cos concertos dos ponteareáns MET (na foto) e Like a version.

Galicia

11ª edición da Feira Tradicional dos Remedios en Ponteareas

A Concellería de Cultura do Concello de Ponteareas presentou a undécima edición da Feira Tradicional dos Remedios que terá lugar o vindeiro 9 de setembro.

Esta feira tradicional traslada a Ponteareas a principios do século XX converténdoa nun escenario de subasta de gando e demostracións en directo da construción a man de zocos, veas ou útiles de latón.

Alfareiros, telleiros ou cesteiros traballarán de cara ao público para ofrecer aos clientes a exclusividade das súas pezas.

De dez da manhã a oito

da tarde a rúa Constitución acollerá os postos dos artesáns mentres na Praza da Igrexa se realizan as demostracións e se pode repor as forzas nos postos de alimentación. A rúa Esperanza e Oriente terán variados postos alternativos con todo tipo de produtos tanto para mercar como para degustar.

Torneiro a pedal

Feirantes de toda Galicia e Portugal encherán as rúas da Feira Tradicional dos Remedios que este ano conta coa novidade dun torneo especialista en tornear a madeira das gaitas a pedal.

Volta a principios do século XX

O Concello de Ponteareas convida ao público a vir ataviado coas roupas de principios do século XX e así acompañar aos feirantes e recrear, por un día, os momentos das feiras nas que, ao igual que o vindeiro día 9, se podía mercar alimentos, gando, obxectos e todo tipo de produtos para a casa.

Porcos celtas, galiñas, ovelas, vacas, bois, cavalos ou o burro Paulino tomarán as rúas na procura dun sabio comprador que saiba detectar os seus encantos nunha das poucas feiras tradicionais que

oferta a venda de gando.

Teatro e música na rúa
completan este día de feira
en mercado dentro das fes-
tas dos mes de setembro
que este ano conta cunha
programación para toda a
familia con actividades,
desfiles, actuacións, obra-
doiros e moita diversión a
partir do día 8 de setem-
bro, día dos Remedios que
abre ás 12 horas coa rueda
dos gigantes e cabezudos
polo centro urbano. Un día
que se completa con ani-
mación infantil a partir das
17:30 horas e o concerto
da Banda de Música Xvenil
de Xinzo ás 21:30 horas
para dar paso á verbena a
partir das 23 horas.



MÚSICA REBELDE
En Pontearreas

**REBELIOM
DO INFRAMUNDO
SKANDALO 6Z
SON DARÚA**

venres 1 setembro
22 horas
entrada de balde

**PARQUE DA
FEIRA VELLA**

PNTEAREAS

 Concello de
PONTEAREAS

 Concello de Ponteareas

CICLISMO

CONCELLO DE PONTEAREAS

16

SÁBADO

SETEMBRO

16:00H SAÍDA E CHEGADA NA PRAZA DA IGREJA

CATEGORÍAS PARTICIPANTES:

ESCOLAS
ALEVINS
INFANTÍ
CADETES
JUNIOR

TROFEO FESTAS DE SETEMBRO

MEMORIAL EMILIO MARIO RODRIGUEZ



17

MARCHA POPULAR

10:00H SAÍDA E CHEGADA NA PRAZA MAIOR

ORGANIZA:

Club Ciclista Ponteareas



PATROCINAN:







COLABORAN:







Festas de Setembro PONTEAREAS

Remedios

8, 9 e 10

9 **XI Feira Tradicional
dos Remedios**

L Concurso de gaitas

23

XULIO LORENZO

9

Concertos

X.M. BUDIÑO

23

MERCEDES PEÓN

30

San Miguel

28, 29 e 30





Máis información en
www.ecultura.net



Concello do Porriño

Festas do Cristo

Setembro de 2017

O Porriño

